GUERRA CIVIL E PRIMEIRO FRANQUISMO (UNIDADE 11)

— Sublevación militar e guerra civil. Dimensión política e internacional do conflito. Evolución das dúas zonas: revolución social e conflitos na zona republicana; a formación do estado franquista.

— O franquismo da posguerra: bases ideolóxicas e sociais. Autarquía e illamento internacional. A resistencia da guerrilla. A vida cotiá no franquismo.

ÍNDICE

1. A Guerra Civil pax. 2

1.1. Sublevación militar e guerra civil pax. 2

1.2. O desenvolvemento da guerra pax. 3

1.3. As causas da derrota republicana. A intervención estranxeira pax. 6

1.4. A República durante a guerra pax. 9

1.5. A España franquista pax. 12

2. O franquismo da posguerra pax. 17

2.1. As bases ideolóxicas e sociais do franquismo pax. 17

2.2. Evolución ideolóxica e política do Novo Estado pax. 19

2.3. A política económica autárquica pax. 25

2.4. A oposición: a guerrilla antifranquista pax. 29

2.5. Vida cotiá no primeiro franquismo pax. 32

1. A GUERRA CIVIL (1936-1939)

Barcelona, 19 de xullo de 1936 (Agustí Centelles)

O complot para acabar coa República víñase preparando desde había mais dun ano. O resultado das eleccións de febreiro co triunfo da Fronte Popular non foi decisivo, en todo caso, a axitación revolucionaria deulle unha escusa e o asasinato de Calvo Sotelo o derradeiro pretexto. O que os golpistas planificaron coma un pronunciamento militar que lles daría pronto o poder converteuse nunha guerra civil pola resistencia dos defensores da legalidade republicana e das organizacións de esquerda. O xeneral Franco ao mando dos nacionais conseguiu o poder despois dun sanguento enfrontamento fratricida que acabou coas conquistas democráticas da II República e implantou unha ditadura fascista que non remataría ata 1975.

1.1. Sublevación militar e guerra civil

Desde 1934 algúns políticos e militares da dereita monárquica e falanxista viñan establecendo contactos co réxime nazi alemán e o fascista italiano co fin de dar un golpe militar. Os conspiradores tiñan como xefe ao xeneral Sanjujo, exiliado en Portugal, e como director das operacións ao xeneral Mola. O xeneral Francisco Franco, que gozaba de prestixio polas campañas de Marrocos —nas que dirixira á Lexión— acabou por unirse tamén á rebelión.

O inicio do golpe estaba prevista para fins de xullo, pero o 13 dese mes morreu asasinado polos «gardas de asalto» o líder da dereita, Calvo Sotelo, en represalia polo asasinato do tenente Castillo a mans de falanxistas. A sublevación iniciouse en Melilla e Ceuta o 17 de xullo, estendéndose pola colonia española en Marrocos. O xeneral Franco voou desde Canarias para poñerse á fronte das tropas do protectorado. O día seguinte, antes de que o goberno puidese reaccionar, producíronse levantamentos en case todas as comandancias militares da Península, que triunfaron en Navarra, Alava, León, Galicia, Mallorca e Canarias, e parte de Aragón e Andalucía, pero fracasaron en moitas das grandes cidades (Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao…) onde a acción conxunta de militares fieis á República e organizacións obreiras esmagaron a sublevación. En total, dos 57 xenerais existentes, súmanse ó movemento 31, mentres que 26 permaneceron fieis á República.

O golpe fracasou, aparecendo dúas Españas enfrontadas: a España republicana, na que se concentraban practicamente toda a industria e recursos mineiros e importantes zonas agrícolas (Castilla la Nueva, Levante, Cataluña, a cornixa cantábrica), que contaba coa case totalidade da frota e as tres cuartas partes da aviación; e a España sublevada, que se chamou a si mesma «nacional», que dispoñía da maior parte da produción agrícola e gandeira, o que provocou graves problemas de abastecemento na zona republicana.

En Galicia, o Alzamento militar triunfou de contado, sendo as cidades de Vigo e a Coruña os lugares de maior tensión e resistencia ó mesmo, destacando especialmente o caso do barrio de Lavadores en Vigo, chamado entón a «pequena Rusia».

Relato feito en 1938, desde o bando sublevado, da rebelión militar en A Coruña

As dúas e media da tarde avanza por xunto ó Hospital Militar unha batería que, protexida por unha sección de Infantería, vai colocarse no Parrote, detrás mesmo do edificio da División. Ó mesmo tempo, unha compañía de Infantería mandada polo capitán don Mariano Areizaga, diríxese á Praza de María Pita e se interna outra mandada polo capitán Volta pola rúa do Orzán camiño da Telefónica, obxectivo que persegue tamén (atravesando a Praza de Pontevedra e seguindo pola

rúa de San Andrés) o tenente Sarandeses á fronte dunha sección da Garda Civil, mentres outra sección do mesmo corpo marcha contra o Palacio de Xustiza e a emisora local.

Estas forzas, o mesmo que as de Intendencia, Sanidade e todas en fin as que nos primeiros momentos tiveron confiada polo mando militar algunha misión na rúa, foron recibidas polos dez mil marxistas que en armas había dentro da cidade, cun nutrido fogo que saía de todas partes, pero que, afortunadamente, case nunca chegaba a producir baixas. Só a batería instalada no Parrote, tivo a desgracia de perder neses primeiros momentos ó cabo Santiago Gómez…

O Gobernador, que contra o parecer da súa muller que o chamaba covarde e outras lindezas tomara a determinación de entregarse, quedou detido con moitos dos seus acompañantes e todas as Forzas de Asalto que defendían o Goberno. Ó cerrar a xornada, por tantos conceptos gloriosa, do 20 de xullo en A Coruña, quedaban en poder do Exército toda a cidade vella e o resto da cidade ata Juana de Vega, con edificios tan importantes como o Goberno Civil, Concello, Telégrafos e Correos, Radio-Coruña e outros.

M. Silva Ferreiro, 1938

1.2. O desenvolvemento da guerra



O paso polo estreito de Xibraltar do exército de Africa ao inicio da guerra foi decisivo. Estivo comandado por Franco que, coa inestimable axuda de barcos e avións alemáns e italianos trasladou á Península un exército de mercenarios marroquís e lexionarios (47.127 homes en total) que constituían as forzas de choque máis efectivas con que contaba o exército.

A finais de xullo do 36 ambos bandos tiñan os seus territorios divididos. As tropas «nacionais» precisaban conquistar Badajoz para enlazar as zonas sublevadas, conseguírono o 14 de agosto. Nun mes, a maior parte de Andalucía e case toda Extremadura, dúas rexións onde a influencia anarquista e socialista era ampla, caeron en mans dos nacionais. Os republicanos perderon a vantaxe de ter divididos ós adversarios. No Norte, as tropas «nacionais» ao mando de Mola tomaron Irún e San Sebastián, cortando as comunicacións do sector setentrional republicano coa

fronteira; ao tempo, fracasou o intento de ocupar Zaragoza polas milicias anarcosindicalistas que saíran de Barcelona ó mando de Durruti.

Unha vez asegurado este dominio, as tropas «nacionais» emprenderon a marcha cara Madrid. As forzas do Sur dirixidas xa polo xeneral Franco en combinación coas enviadas por Mola desde o Norte emprenderon, a principios de outubro o ataque a Madrid. A fins de outubro, Madrid estaba cercado por tres lados, o que levou ao Goberno a abandonar a capital e solicitar a axuda exterior, que se plasmou na creación das Brigadas Internacionais, que interviñeron na primeira parte do conflito. Cando se produciu o asalto xeral á capital (9 de Novembro) as milicias populares que se constituíran na zona republicana, xunto ás forzas militares e de orde pública, ofreceron unha tenaz resistencia, facéndoo fracasar. Quedou claro que se trataba dunha verdadeira guerra e non dun paseo militar. Nos tres meses que van de agosto ata primeiros de novembro os «nacionais» conquistaron 65.000 km. cadrados, nos tres meses seguintes apenas serán capaces de conquistar 650.

1937

• Obxectivo Madrid

En febreiro do 37 ten lugar un novo intento de rodear Madrid desde o Sur (batalla do Jarama), que culminou nun custoso fracaso. O exército republicano demostrou a súa efectividade nesta batalla fronte ao Corpo de Tropas Voluntarias (CTV) da Italia fascista, que sufriu un rotundo fracaso; houbo 40.000 baixas entre ambos bandos.

Algo similar sucedeu, pouco tempo despois, nun novo intento, tamén fracasado, de tomar Madrid desde o norte (batalla de Guadalajara). Franco, aceptando a idea dunha guerra prolongada, cambiou de estratexia e decidiu concentrar os seus esforzos contra a illada zona republicana do Norte, abandonando, momentaneamente, o proxecto de tomar o Madrid que resistía o asedio ao berro de No Pasarán. Con esta decisión estratéxica inclinou decisivamente a vitoria a favor do campo «nacional».

• A campaña do Norte

Pese a tomar Irún e San Sebastián para controlar a fronteira francesa, a verdadeira batalla do Norte comezou co asedio de Bilbao, un obxectivo de especial importancia por varias razóns:

— O apoio dos vascos á república contradicía a afirmación dos «nacionais» de que todos os católicos militaban no seu campo, e impedía que a igrexa francesa e o Vaticano apoiaran decididamente «a Cruzada».

— A industria e o capital vascos mantiñan íntima relación con Inglaterra e mentres seguira funcionando un goberno vasco autónomo, estarían divididos os sentimentos da clase dirixente e a mariña británicas.

— Ademais, a conquista do norte daría ós italianos a oportunidade que tanto desexaban de vingarse da humillación sufrida no Jarama e en Guadalajara, e proporcionaría unha experiencia de campaña ás unidades alemás de artillería, comunicacións e aviación.

Creárase unha importante liña defensiva («o cinto de ferro») o que, unido ás dificultades do terreo, facilitou a resistencia durante dous meses; pero a falta de protección aérea, o bloqueo naval, e a falla dun mando militar único (ó que se resistía o goberno autónomo vasco), xunto coa des-coordinación das forzas políticas e sindicais, fixo que a superioridade da aviación e da artillería dos «nacionais» permitira a ocupación de Bilbao o 19 de xuño.

Guernika, arrasada pola Legión Cóndor alemá, abril de 1937

- O bombardeo de Guernika. Durante esta campaña tivo lugar unha devastadora operación aérea da Legión Cóndor (exército enviado por Hitler en apoio de Franco): escollendo un día de mercado en Guernika, unha cidade indefensa e sen obxectivos militares símbolo do nacionalismo vasco, que nin sequera estaba na liña de avance cara Bilbao. Primeiro deixaron caer bombas explosivas pesadas e logo practicaron o metrallamento dos civís que fuxían da cidade, á que antes prenderan lume con bombas incendiarias. Ante a onda internacional de indignación, as autoridades de Burgos responderon que Alemaña non era responsable do bombardeo e que a cidade fora incendiada polos «roxos».

Muller chorando a morte do seu home nun bombardeo, Lleida 1937, Agustí Centelles

Mentres, durante o mes de xullo, o exército republicano da fronte central tratou de contratacar cunha gran ofensiva en Brunete, que resultou un fracaso. Tamén fracasou o ataque lanzado un mes despois, na fronte de Aragón (Batalla de Belchite). Todos estes intentos non foron capaces de impedir que as forzas «nacionais» ocupasen Santander e entraran o 21 de outubro en Gijón. Coa conquista de Asturias todo o Norte quedou incorporado á España sublevada. O Goberno só tiña, a partir de entón, unha terceira parte do territorio, pero nel estaba a metade da poboación. As súas dificultades económicas aumentaron, aínda que a guerra seguía sen estar decidida.

1938

• A campaña do leste: a fronte de Aragón

A fins de 1937 o Exército «nacional», que agora contaba cunha clara superioridade de recursos, preparou unha nova ofensiva contra Madrid. Coa fin de cortar este novo ataque o Exército Popular desenvolveu outra ofensiva no Baixo Aragón, logrando entrar en Teruel, pero a cidade foi pronto recuperada polos «nacionais» que, nun rápido avance, chegaron ata Lleida en abril. En realidade a toma de Teruel serviu só para atrasar un pouco a gran ofensiva franquista para illar Cataluña.

En abril Cataluña quedou separada de Valencia, quedando o territorio da República cortado en dous. Nun desesperado intento por enlazar de novo as dúas zonas republicanas e deter o avance dos nacionais sobre Cataluña, o mando militar da República apoiándose na reanudación de envíos de material soviético, iniciou a máis importante das súas ofensivas: a batalla do Ebro, iniciada co cruce do río o 25 de xullo, conseguindo tomar un extenso territorio cara o Sur, que inmediatamente foi seguido dun contraataque «nacional» que obrigou aos republicanos a volver a cruzar o río. Durante meses (desde fins de xullo a mediados de novembro) disputouse palmo a palmo o terreo, o que converteu á batalla do Ebro na máis dura de toda a guerra (a República perdeu 60.000 homes e uns 30.000 as forzas de Franco). A República esgotou os seus últimos recursos.

1939

Final da guerra

O triunfo dos «nacionais» facilitoulles a conquista de Cataluña; mentres, dirixentes republicanos e milleiros de persoas comezaban o seu éxodo cara Francia. A pesar de que o goberno seguía a falar de continuar a loita na zona Centro-Sur («resistir é vencer» era o seu lema), en parte do exército impoñíase cada vez máis a idea de negociar a paz. Un golpe de Estado dentro da República, deu o control do Madrid asediado a un chamado Consello Nacional de Defensa, presidido polo coronel Casado que iniciou conversacións con Franco para firmar a paz.

A S.E. o Xeneralísimo. Excelencia:

Un deber de conciencia impúlsame a romper o protocolo e diríxome á Súa Excelencia abafado pola responsabilidade que teño sobre min nestes momentos que xulgo decisivos para os destinos de España. Saiba a Súa Excelencia que existe nesta zona o anhelo da paz. A necesidade urxente de asfixiar un golpe comunista que de ter triunfado tería despregado un réxime de terror sen precedentes, e doutro lado o desexo de satisfacer os anhelos pacifistas do pobo, impulsáronme a derrubar a un Goberno con todos os vicios políticos imaxinables.

Aventureime a ofrecer o que cría honradamente que podía conseguir: evacuación de responsabilizados, a cambio de facer unha entrega pacífica pola cordialidade e a garantía de non restar ó Goberno Nacionalista nada do que existe nesta zona. E posible que defraudadas as esperanzas, a asistencia que ata hoxe me presta o pobo se converta non máis tarde de mañá nun odio moi acusador, por crerme traidor ós seus desexos, dando a razón ós comunistas que mantiñan a criminal consigna de resistir.

Tratei de servir á miña patria coa máis absoluta dignidade e soñaba con que en prazo breve elevara o seu rango dun xeito notorio. Hoxe sinceramente o dubido, pois coñecedor desta zona, preocúpame a reacción que poida experimentarse e a posibilidade de que desafiuzado o Consello de Defensa, creárase un estado caótico que atrasará extraordinariamente a obra de reconstrución de España. Rogo a S.E. desculpa por esta conduta quizais irreverente pero inspirada no fervente desexo de servir a España.

Respectuosamente saúda á Súa Excelencia o seu Att.s.s.

25-3-39. Segismundo Casado.

Franco esixiu unha rendición absoluta e iniciou unha ofensiva xeral. O derrubamento da fronte republicana permitiulle entrar en Madrid o 28 de marzo de 1939 sen disparar un tiro, e sen ningunha resistencia. Iniciábase un éxodo masivo cara os portos de Levante, aínda que a meirande parte da xente non puido fuxir por falla de buques.

Los refugiados son hermanos tuyos
AYUDALES

La Voz de Galicia

Año LVIII - Núm. 18.366 — La Coruña, Miércoles 29 de Marzo de 1939 — III Año Triunfal

¡¡Arriba las banderas victoriosas!

AYER HA SIDO LIBERADO MADRID

TODOS LOS FRENTES SE HUNDEN

Otros 50.000 prisioneros

A las once y cuarto entraron en la ciudad las tropas españolas

El Consejo de Defensa que a primera hora abandonó el poder, ha huído a Valencia

Franco, Franco, Franco: ¡Arriba España!

En esta hora de gloria

Las heroicas tropas de la Ciudad Universitaria

Fueron las primeras que entraron en Madrid

Ocupado Madrid, nos días seguintes rendéronse as últimas prazas republicanas. O día 1 de abril de 1939 todo o territorio estaba en poder dos «nacionais», e co coñecido parte militar, Franco daba conta da terminación da guerra civil, unha guerra que custara entre 250.000 e 300.000 vidas humanas: «No día de hoxe, cativo e desarmado o Exército roxo, acadaron as tropas nacionais os seus últimos obxectivos. A guerra terminou»

España estaba en ruínas; unha España onde o Partido, a Igrexa e o Exército, eran as tres forzas fundamentais, os piares dun Estado totalitario. Pío XII, acabado de designar Papa, sancionaba a vitoria «nacional» con estas verbas: «Alzando o noso corazón a Deus, damos sinceras gracias a Súa Excelencia pola vitoria da Católica España».

1.3. As causas da derrota republicana. A intervención estranxeira

No inicio da contenda, o bando gobernamental posuía recursos financeiros maiores e tamén as zonas industriais e mineiras máis importantes. Pero esas vantaxes víronse pronto contrarrestadas por varios factores que poden considerarse decisivos para o resultado final da contenda:

1.— Falta de previsión. Cando a Fronte Popular chegou ao poder en febreiro de 1936 era ben coñecida a existencia de preparativos para asestar un golpe á República, sen embargo a única medida tomada polo goberno foi a de enviar a distintos destinos aos xenerais que consideraba

máis perigosos: Mola foi enviado a Pamplona (principal foco de actuación do carlismo), Franco a Canarias e Goded a Mallorca.

2.— Falta de reacción inicial. Ante o movemento iniciado polo exército de Marrocos, o Goberno republicano negou a gravidade da situación, anunciando que «un vasto movemento anti-republicano ten sido afogado» e que «non atopou ningunha axuda na Península». Ao tempo negábase a satisfacer a demanda presentada por Largo Caballero, en nome da UGT, de distribuír armas aos traballadores e aos partidos socialista e comunista, algo ao que finalmente tivo que acceder ante a presión de centenares de miles de traballadores que invadiron as rúas reclamando armas.

3.— Falla de unidade. A España «nacional» contou desde o principio cunha forza aglutinante, o exército, que se impuxo ás demais forzas, co que houbo un claro predominio militar (militarización da política, da economía, e concentración de todos os esforzos para gañar a guerra), constituíndose pronto como un Estado militarizado que concentrou todos os seus recursos para a consecución da vitoria.

A España republicana, en cambio, tivo que facer fronte a dous conflitos ao mesmo tempo: a contenda bélica e unha revolución social interna. A isto uniuse a división da «zona republicana» polas operacións militares en sectores xeograficamente illados (Asturias, Santander, por exemplo) ou poderosamente individualizados polas mesmas circunstancias bélicas (Madrid e a rexión central).

4.— Problemas dentro do Exército republicano. A gran desorganización provocada polo estoupido revolucionario fixo que só máis tarde —e nunca dun xeito completo— se puidese crear unha forza armada ben ordenada, disciplinada e coa axeitada coordinación de mando.

Nun principio dentro do bando republicano asistiuse á práctica disolución do exército de terra, substituído por milicias moi combativas, pero inexpertas e desorganizadas o que tivo unha grave repercusión no futuro da guerra, ata que socialistas e comunistas chegaron a determinar como prioritaria a contenda, «primeiro gañar a guerra, logo facer a revolución», e ordenaron militarizar as milicias populares. Pero, para entón, o exército dos «nacionais» gañara xa importantes posicións.

Cartel do bando nacional: Viva España, Italia, Alemaña e Portugal

5.— A intervención estranxeira. O papel xogado pola intervención estranxeira para o desenlace final da guerra, ten sido discutido. Existen autores que afirman que a considerable axuda en material bélico e en homes que recibiu desde un principio o bando nacional por parte de Alemaña e Italia foi compensada pola recibida no bando gobernamental da URSS e —dun xeito intermitente— de Francia. Pero a axuda da Italia fascista e da Alemaña nazi tivo sempre unha continuidade (ademais dunha facilidade de tráfico, reforzada pola postura favorable de Portugal) da que careceron as axudas ao bando republicano, caracterizadas por unha irregularidade debida a motivos xeográficos, políticos e económicos o que fixo que tal axuda fallase en momentos decisivos da contenda.

Instrutor da Alemaña nazi na escola de sarxentos de Victoria

— O Bando «Nacional» (franquista) contou co envío masivo de material bélico, homes e cartos por parte das dúas potencias fascistas do momento: Alemaña e Italia. Os avións e submarinos italianos proporcionaron ás tropas de África medios para pasar sen grandes dificultades a Andalucía, e a aviación alemá proporcionoulles durante toda a guerra a decisiva supremacía no aire.

Os primeiros continxentes da «Lexión Cóndor» alemá, composta

duns cen avións, canóns anti-tanques e antiaéreos, dúas unidades blindadas e uns cinco mil homes, chegaron a España xa a mediados de novembro do 36. Coa súa actuación inaugurábase en España o atroz sistema, logo estendido na II Guerra Mundial, dos bombardeos masivos sobre poboacións civís (destrución de Guernika o 26 de abril de 1937). A masiva chegada de tropas italianas comezou a principios de 1937 (uns 70.000 homes, un corpo de exército, moi ben equipado con blindados, artillería..., o «Corpo di Truppe Volontarie»).

— A República viuse prexudicada pola política de 'non intervención' desenvolvida polas potencias 'democráticas'. Pouco despois de iniciado o conflito, Francia propuxo o acordo internacional que impuxo o embargo de armas ás dúas «faccións». Francia e Gran Bretaña defenderon teimosamente a neutralidade e fixeron grandes esforzos por illar o conflito español mediante a organización dun chamado «Comité de non intervención».

Nota francesa. Ministro de Asuntos Exteriores, Ivon Delbos, ao embaixador da Gran Bretaña en París, Sir George Clerk, o 15 de agosto de 1936.

«Señor Embaixador:

As negociacións levadas a término entre o Goberno da República Francesa e o Goberno da S.M. do Reino Unido permitiron comprobar o seu acordo común a cerca da actitude que debe ser observada respecto á situación en España. Teño o honor, pois, conforme á proposta que ten sido presentada a outros Gobernos europeos e recordando as iniciativas tomadas unilateralmente polo Goberno francés, de facer a V.E. a seguinte declaración:

O Goberno da República Francesa, deplorando os tráxicos acontecementos de que é teatro España; decidido a absterse rigorosamente de calquera inxerencia directa ou indirecta nos asuntos internos dese país; animado da vontade de evitar calquera complicación prexudicial ó mantemento das boas relacións entre os pobos; declara o seguinte:

1.— O Goberno francés prohibe, no que lle concirne, a exportación directa ou indirecta, a reexportación e o tránsito con destino a España, posesións españolas e zona española en Marrocos, de todas as armas, municións e material de guerra, así como de todas as aeronaves montadas e desmontadas e de toda nave de guerra.

2.— Esta prohibición aplícase ós contratos en curso de execución.

3.— O Goberno francés terá informados aos outros Gobernos participantes deste acordo de todas as medidas que tome para facer efectiva a presente declaración.

O Goberno francés, no que lle concirne, porá en execución esta declaración a penas se teñan adherido a ela os Gobernos británico, alemán, italiano, soviético e portugués.»

Ivon Delbos

Durante os case tres anos que durou a guerra, franceses e sobre todo británicos pediron a Alemaña e Italia a súa adhesión a un pacto de catro potencias, cousa que conseguiron ó fin en setembro de 1938 (Acordo de Munich), cando xa era inevitable a derrota final da República española. O goberno republicano, fiel aos compromisos adquiridos, retirou da fronte a todos os voluntarios das Brigadas Internacionais, recibiu as felicitacións dos ministros europeos, pero non se produciu a retirada das tropas italianas e alemás. En xaneiro de 1939 as tropas italianas desfilaban polas rúas de Barcelona e Mussolini pronunciaba o discurso «Pasamos e pasaremos!»

As potencias europeas decidiran non apoiar á República e, en cambio escusaron ao fascismo alemán e italiano polo seu apoio ó bando «nacional», polo medo a unha revolución social e ao estalido da guerra en Europa, que finalmente se non puido evitarse.

A URSS facilitou axuda a República por valor duns 120 millóns de dólares e enviou armas e alimentos que houbo que pagar coas reservas estatais en ouro do Banco de España depositados no Gosbank soviético para garantir a súa seguridade. A axuda soviética, desde outubro do 36, foi moi importante para a defensa de Madrid, pese a estar obstaculizada por submarinos italianos e buques «nacionais».

- As Brigadas Internacionais. O 22 de outubro do 36 o Goberno español aprobou a creación das Brigadas Internacionais como parte integrante do Exército Popular. Desde todos os puntos do globo chegaron a España homes de opinións e relixións diferentes, representantes de máis de 50 nacións, para pórse espontaneamente ó servizo do Exército republicano español. Foron tamén coñecidos como «voluntarios da liberdade». Convertéronse en tropas de elite, e combateron nos puntos máis difíciles da fronte. As súas perdas foron aterradoras (calcúlase en 18.000 os mortos): morreron case a metade dos voluntarios ingleses e americanos que combateron na Batalla do Jarama.

Brigadistas ingleses

As Brigadas eran recrutadas e organizadas polos partidos comunistas nacionais, pero figuraban nelas demócratas de distintas ideoloxías, desde escritores que creron sentir a liberdade persoal cambiando a máquina de escribir polo fusil, ata traballadores europeos parados a causa da depresión, pasando por obreiros activistas mozos, exiliados endurecidos na loita antifascista e militantes dos partidos comunistas. Viñeron a España a tomar un contacto «real» cos desposuídos e loitar contra o fascismo.

As Brigadas Internacionais fixeron a súa presencia na fronte de Madrid por primeira vez en novembro do 36. No seu conxunto estímase que pasaron por España uns 40.000 voluntarios internacionais. Cuantitativamente foron moito menos numerosos que as tropas regulares e voluntarios enviados á zona franquista por Italia, Alemaña e Portugal.

1.4. A República durante a Guerra

— Evolución política

A reacción das masas obreiras contra o levantamento militar converteuse de feito, nunha verdadeira «revolución» que desbordou ao goberno republicano. En setembro, ante o ataque a Madrid, viuse a necesidade de que á cabeza do Goberno figurase unha personalidade obreira que fose capaz de unir os esforzos militares. O persoeiro elixido foi Largo Caballero que formou un goberno de concentración que agrupaba aos partidos e sindicatos da Fronte Popular e mesmo, en novembro, aos anarcosindicalistas. Este «Goberno da vitoria», como o chamaron, foi o primeiro Goberno Occidental no que participaron comunistas, uns comunistas que defendían que a guerra civil esixía unidade contra o fascismo de aí a necesidade de crear un Goberno forte dentro do marco da legalidade republicana.

Miliciana en Somosierra, xullo 1936, Alfonso

Este Goberno foi o que decretou a militarización das milicias a fin de dotar de mellor organización e disciplina ás súas forzas e o que promulgou o Estatuto Autonómico de Euskadi (1 de outubro, Cortes de Valencia), e foi tamén o que, ante a previsión dunha caída próxima de Madrid, decidiu o seu traslado a Valencia (6 de novembro) unha cidade distante da fronte.

Este goberno deixou o poder en maio do 37, momento no que o Presidente Azaña pediu ao socialista Juan Negrín que formase novo goberno. Formado por ministros da Fronte Popular, sen anarcosindicalistas, co fin de gañar primeiro a guerra e adiar a revolución. Reforzou a capacidade de combate do Exército Popular establecendo un mando único e desenvolvendo unha poderosa industria de guerra.

A República, sen embargo foi incapaz de triunfar militarmente e asistía ao avance irrefreable das tropas de Franco. Nun discurso do 18 de xuño de 1938 Negrín dicía: «Resistir era e segue a ser hoxe abrir paso á vitoria. (...) Trátase da existencia de España como país libre e ante iso, o sacrificio non pode ter taxa nin medida».

Despois da caída de Cataluña e do golpe de Estado de Casado en Madrid, o goberno fuxiu a Francia e ao norte de África. Mentres, Casado iniciaba o 13 de marzo as conversas co goberno de Burgos.

A división política da República trasladouse ás dúas concepcións de como abordar a guerra:

a) Gañar a guerra antes de facer a revolución. Esta tese era defendida polo partido comunista, que acrecentou o seu protagonismo por ser a URSS a única nación que apoiou á República. Mantiveron que a vitoria só podía acadarse se a guerra se planificaba en termos convencionais. A revolución social alí onde se producira debía deterse para lograr o apoio das clases medias urbanas e dos pequenos propietarios campesiños no interior do país, e fóra de España, o apoio dos Gobernos burgueses.

b) Converter a guerra nunha revolución. Anarquistas e trostkistas consideraron que a vitoria só podía ser lograda se a guerra se abordaba con métodos revolucionarios: «Que quede ben entendido que non estamos loitando pola república democrática. Estamos a loitar polo triunfo da revolución proletaria. A revolución e a guerra son inseparables. Todo o que se diga en sentido contrario é contrarrevolución reformista» (Boletín de Información da CNT-FAI, xaneiro 1937)

A tensión entre as dúas posturas manifestouse con toda a súa crueza no enfrontamento armado de maio do 37 en Barcelona entre a CNT e o POUM dun lado, e o PSUC (PCE) e o goberno republicano doutro. Saldouse co triunfo dos segundos. A purga dos poumistas e a imposición da autoridade republicana e da opción comunista. Este enfrontamento dividiu á Fronte Popular e abriu unha fenda entre as forzas que debían ter estado unidas fronte aos 'nacionais'.

— Revolución social

Onde foi esmagada a insurrección, o Estado republicano desapareceu e o poder pasou ao pobo. Por todas partes foron aparecendo órganos novos de poder que gozaban dunha autoridade real. Despois do pronunciamento xurdiron Comités Locais que representaban aos traballadores armados, organizados para facer fronte a unha complicada tarefa: a guerra e a continuación da produción en plena revolución social. Os Comités tomaron o poder na maior parte das cidades da España republicana. Só en Madrid evitouse a formación dun novo poder que competira co goberno establecido, pero mesmo aquí as milicias dos partidos e sindicatos actuaron con independencia do goberno.

Os Comités crearon milicias armadas con pouca eficacia militar. Tamén pretenderon establecer unha autoridade policial que acabase coa violencia incontrolada que provocara o asasinato de moitas persoas da dereita e da Igrexa, ademais da destrución de edificios relixiosos.

No territorio controlado pola Fronte Popular desenvolveuse unha revolución social durante os primeiros meses da guerra. Expropiáronse os bens dos «facciosos» e dos grandes propietarios, distribuíndo as terras entre os campesiños pobres ou ben explotáronas colectivamente, nun intento de realizar os ideais do comunismo libertario preconizado pola CNT. O Goberno legalizou as ocupacións de fincas e expropiou sen indemnización as posesións dos implicados na rebelión.

Decreto de 10 de agosto de 1936

«Artigo primeiro.— Todo cultivador directo, propietario, colono, arrendatario ou parceiro que abandone ou teña abandonado voluntariamente a súa explotación rural, deixando en suspenso os

labores de recolección e malla, as preparatorias da semente, as atencións demandadas polo gando de renda, o entretemento dos aparatos elevadores da auga de rego e, en xeral, calquera traballo indispensable ao sistema de aproveitamento da finca cuxa explotación viña realizando no momento presente, considerarase que incorre en responsabilidade e que consiste en que a súa explotación sexa intervida, ós fins do oportuno e racional rendemento da mesma».

Decreto do 7 de outubro de 1936

«Artigo Primeiro.— (...) acórdase a expropiación sen indemnización e a favor do Estado, das fincas rústicas, calquera que sexa a súa extensión e aproveitamento, pertencentes o 18 de xullo do 36 a persoas naturais ou aos seus cónxuxes e ás xurídicas que interviran dun xeito directo ou indirecto no movemento insurreccional contra a República».

As colectividades agrarias aragonesas, ao igual que algunhas do sur convertéronse na mostra por excelencia da CNT. Nelas «abolíronse» os cartos e eliminouse o comercio ao por menor.

Tamén se socializaron fábricas e empresas, que foron incautadas por obreiros e sindicatos, procedendo á colectivizacións de distinto tipo. A onda de incautacións afectou aos servizos públicos (ferrocarrís, transportes urbanos, marítimos...), ao artesanado (panaderías, zapaterías, salóns de peiteado...) e a case todos os sectores do pequeno comercio ao por menor. A socialización provocou reaccións hostís entre a pequena burguesía urbana (en moitos casos contraria ao levantamento militar), levou o caos á distribución de mercadorías e favoreceu o mercado negro.

Despois do 19 de xullo a burguesía declaradamente fascista desertou dos seus postos. A maioría fuxiu ó estranxeiro; unha minoría desapareceu. As empresas industriais afectadas non podían quedar sen dirección e os traballadores decidíronse a intervilas, creando Comités Obreiros de Control. O Consello da Generalitat tivo que sancionar e procurar enderezar o que espontaneamente os obreiros realizaban nas empresas. (...)

Consello de Economía de Cataluña. Agosto, 1936

Barcelona non só ofrecía o aspecto dunha cidade poboada exclusivamente de obreiros, senón dunha cidade na que os obreiros tiñan o poder: víaselles por todas partes, nas rúas, ante os edificios, camiñando polas Ramblas, co fusil en bandoleira, a pistola ó cinto e roupas de traballo. (...) En Barcelona desapareceron das rúas os sombreiros de feltro, símbolo do «status» da burguesía. Os restaurantes de luxo e os hoteis foron ou ben colectivizados ou incautados polos empregados. Os clientes ceaban en mangas de camisa e a dirección obreira aboliu as propinas. Todos os obreiros levaban armas, máis importantes como símbolo de emancipación que como tales armas. (...)

En Madrid as rúas estaban cheas de milicianos vestidos con monos azuis, prenda que se convertería nunha especie de uniforme dos exércitos republicanos na fronte de Madrid. A clase media prescindiu de sombreiros, garabatas e colos, nun esforzo por parecer proletaria nunha cidade onde, noutros tempos, tería sido unha ofensa pasear sen garabata ou chaqueta.

Broue, P. e Temine, E: La Revolución y la guerra en España. Madrid, 1977.

— A represión: No campo republicano existiu unha importante represión pero, ao contrario que no territorio «nacional», foi máis individual que institucional. O Goberno republicano condenou

sempre enerxicamente os «paseos» e a criminalidade desatada e permitiu a un bo número de embaixadas (ás que acudiran a refuxiarse miles de persoas que se sentían ameazadas) alugar edificios próximos para estender o seu «status» de extraterritorialidade. Mesmo, moitos radicais e cedistas preferían estar no cárcere que nas súas casas porque había menos perigo de que os tribunais os condenaran a morte que de que lles deran un «paseo» os incontrolados, e Juan Negrín e outros funcionarios visitaban os cárceres pola noite para protexer aos internados de posibles asaltos.

1.5. A España franquista

— Evolución política

a. Concentración de poderes na persoa do xeneral Franco. En xullo do 36 creouse unha Junta de Defensa Nacional, presidida polo xeneral Cabanellas e integrada por Mola, Queipo de Llano e o propio Franco, para coordinar os esforzos dos Exércitos do Norte e do Sur. En setembro, e ante a necesidade dun mando único, esta Xunta decidiu escoller para este cargo ao xeneral Franco que acrecentara o seu prestixio despois da rápida marcha do exército de África ata os arredores de Madrid. Este poder persoal viuse reforzado pola morte de Mola nun accidente de aviación, o 3 de xuño do 37, e a execución nun cárcere de Alicante, de José Antonio Primo de Rivera, xefe da Falange.

A Junta de Defensa Nacional, creada por Decreto de 24 de xullo de 1936, e o réxime provisional de Mandos combinados responden ás máis urxentes necesidades da liberación de España. Organizada con perfecta normalidade a vida civil nas provincias rescatadas, e establecido o enlace entre as varias frontes dos Exércitos que loitan pola salvación da Patria, á vez que pola causa da civilización, imponse xa un réxime orgánico e eficiente, que responda axeitadamente á nova realidade española e prepare coa máxima autoridade, o seu porvir.

Razóns de todo liñaxe sinalan a alta conveniencia de concentrar nun só poder todos aqueles que conducirán á vitoria final (…) En consideración ós motivos expostos e segura de interpretar o verdadeiro sentir nacional esta Xunta, ao servizo de España, promulga o seguinte DECRETO

Artigo primeiro.— En cumprimento do acordo adoptado pola Junta de Defensa Nacional noméase Jefe de Gobierno do Estado Español ao Excelentísimo Señor Xeneral de División don Francisco Franco Bahamonde, quen asumirá todos os poderes do novo Estado.

Artigo segundo.— Nomeáselle, asemade, Generalísimo das forzas nacionais de terra, mar e aire, confíreselle o cargo de Xeneral Xefe dos exércitos de operacións (…)

Decreto do 29 de setembro de 1936 da Junta de Defensa Nacional de Burgos

Para as tarefas políticas e institucionais, Franco viuse asistido ata 1938 por unha «Junta Técnica del Estado», pero ao empezar ese ano formouse xa propiamente un goberno, con sede en Burgos e integrado por militares e políticos.

b.— A Unidade política conseguiuse tamén a través dun proceso de unificación entre o carlismo e a Falange que desembocaría na imposición da xefatura de Franco. Polo Decreto 'de Unificación' de 19 de abril de 1937 naceu «Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S.», partido único tamén definido como «Movimiento Nacional» que estaba baixo o mando do generalísimo'.

Unha acción de goberno eficiente, como debe ser a do novo Estado español, nacido por outra banda baixo o signo da unidade e a grandeza da Patria, esixe supeditar o seu destino común á

acción individual e colectiva de todos os españois. Esta verdade, tan claramente percibida polo bo sentido do pobo español, é incompatible coa loita de partidos e organizacións políticas (...).

Chegada a guerra ao punto moi avanzado e próxima a hora vitoriosa, urxe xa acometer a gran tarefa da paz (…). Unidos por un pensamento e unha disciplina común, os españois todos teñen de ocupar o seu posto na grande tarefa (…). Falange Española e Requetés teñen sido os dous expoñentes auténticos do espírito do alzamento nacional iniciado polo noso glorioso Exército o dezasete de xullo. Como noutros países de réxime totalitario, a forza tradicional vén agora en España a integrarse na forza nova. (...)

Así, pois, fundidas as súas virtudes, estas dúas grandes forzas nacionais fan a súa presencia directa e solidaria no servizo do Estado. A súa norma programática está constituída polos vinteseis puntos de Falange Española. (…)

DISPOÑO

Artigo Primeiro. Falange Española e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse, baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional, que de momento denominarase Falange Española Tradicionalista e das J.O.N.S. Esta organización, intermedia entre a Sociedade e o Estado, ten a misión principal de comunicar ao Estado o alento do pobo e de levar a este o pensamento daquel a través das virtudes político-morais, de servizo, xerarquía e irmandade.

Son orixinariamente, e por propio dereito, afiliados da nova organización todos os que no día da publicación deste Decreto posúan o carné de Falange Española ou da Comunión Tradicionalista, e poderán selo, previa admisión, os españois que o soliciten. Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos.

Decreto de Unificación de Falange e Requetés, baixo o mando de Franco (Burgos, 20-04-37).
Salamanca a 19 de abril de 1937. Francisco Franco

En realidade o decreto unificaba a todos os españois; para poder acceder a calquera de cargo ou emprego público esixiuse pertencer a esa 'forza nova' na que quedaron integrados tamén os monárquicos, católicos e conservadores que apoiaran o movemento, e mesmo os restos da CEDA. Gil Robles, desde Lisboa, escribía a Franco e poñía «nas súas mans toda a organización, tanto o partido como as Milicia, para que adopte as medidas que estime convenientes en orde a esa desexada Unificación». Os monárquicos sumábanse oficialmente o 16 de maio. Pero a que deu a vestidura externa, co seu programa e símbolos, a unha obra da que só era parte, foi Falange.

No 'Novo Estado' Franco concentrou todo o Poder na súa persoa: exército, goberno do Estado, partido único. Un novo réxime con características totalitarias e de extraordinario poder persoal que se manifestou tamén na adopción do título de «Caudillo», desde decembro de 1936. Un réxime formalmente fascista.

Co obxecto de evitar incidentes, consciente ou inconscientemente provocados, pero que en todo caso poden perturbar a boa harmonía da retagarda, ponse en coñecemento de todos os afiliados á Falange Española Tradicionalista e das J.O.N.S, que os únicos berros que deben darse en concentracións, manifestacións e desfiles, etc., son estes: «FRANCO, FRANCO, FRANCO»; «ARRIBA ESPAÑA»; «VIVA ESPAÑA» e «ESPAÑA UNA, GRANDE Y LIBRE». Calquera outro —en relación co Movimiento— será considerado como lanzado con propósito de perturbación e axeitadamente sancionado polas autoridades do Partido e do Estado. Serán responsables do incumprimento da anterior os xefes respectivos.

«Boletín del Movimiento», nº 7, 1 noviembre 1937, II Año Triunfal

— O réxime ditatorial

Desde 1936, aínda que non se poda falar de estrutura de Estado, o novo réxime ditou unha lexislación regresiva e leis represivas que nas súas ideas fundamentais foron a base da España franquista, sobre todo nas súas primeiras etapas.

O Estado concibiuse como centralista e unitario, como se dicía no punto 2 do programa da Falange: «España é unha unidade de destino no universal». Non teñen cabida, polo tanto, os poderes autonómicos.



A Igrexa identificouse co novo réxime político, o que lle permitiu unha situación de privilexio e lle garantiu liberdade e autonomía. O franquismo encontrou nela a súa lexitimación. O réxime pasou a denominarse «nacional-catolicismo», palabra que expresa a identificación do nacional co católico, da integridade do Estado coa súa confesionalidade relixiosa. Contando co apoio moral e material da Igrexa, a sublevación e a guerra foron cualificados de «Cruzada nacional».

As leis e decretos do Goberno de Burgos derogaron a lexislación da República e, concederon importantes privilexios á Igrexa. Quedaron derogadas as leis de divorcio e matrimonio civil, a «Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas», restableceuse a Compañía de Xesús, restableceuse a retribución aos sacerdotes, eximiuse de contribución territorial aos bens da Igrexa, a educación relixiosa fíxose obrigatoria, etc. A relixión estaba presente en todo: un decreto de abril do 37 obrigou aos mestres a colocar na aula unha imaxe da Virxe, «de preferencia en la invocación muy española de la Inmaculada Concepción» e a imaxe do «santo crucifijo» nos institutos de ensino medio e universidades.

Derogouse toda a lexislación social e laboral da República, anulándose as iniciativas de reforma agraria e suprimíndose todos os partidos e sindicatos.

> Como Presidente da Junta de Defensa Nacional, veño en decretar o seguinte:
>
> Artigo segundo.— As fincas rústicas invadidas por campesiños ou xornaleiros, con posterioridade á data de 16 de febreiro de 1936, cunha situación non lexitimada pola superioridade e se os propietarios desexan recuperalas para a súa explotación, reintégranse á plena disposición dos seus donos, quedando anulados e sen valor, mentres non se renoven por vontade das partes os pactos ou contratos que, para formalizar a situación creada, puidesen firmarse. Os propietarios non terán a obriga de satisfacer os labores que nas mesmas teñan realizado os intrusos.
>
> Burgos, a 25 de setembro de 1936. Miguel Cabanellas

En marzo do 38 promulgouse o chamado «Fuero del Trabajo», inspirado nas ideas sociais do fascismo italiano. Definíase ao novo Estado como «Nacional» e «Sindicalista». Na orde cultural e educativa, estableceuse unha ríxida suxeición ás normas dogmáticas e relixiosas, combaténdose os postulados do liberalismo e da democracia. O novo calendario de festas reflectía claramente os intereses do novo Estado: o 13 de xullo declarouse día de loito nacional, e a Calvo-Sotelo primeiro mártir; o 18 de xullo, festa nacional, aniversario da sublevación «no que España se alzou unanimemente en defensa da súa fe, contra a tiranía comunista e contra a encuberta desmembración do seu solar».

Finalmente, a derrota da República destruíu toda esperanza de emancipación para a muller. Os grupos que participaron no Alzamiento estaban de acordo en que o lugar da muller estaba na casa. Mantívose a vixencia da lexislación laboral anterior á República, e proxectouse unha nova lexislación para protexer á familia tradicional: “O Estado en especial prohibirá o traballo nocturno

das mulleres, regulará o traballo a domicilio e liberará á muller casada do taller e da fábrica".

A «nova muller» que defendía o réxime pode definirse polas promesas que teñen que cumprir as «Margaridas de Tafalla»:

Sección Femenina en Vilanova, 1937

Prometen ó Sagrado Corazón de Xesús (…) catro cousas:

1. A modestia no vestir como uniforme: manga longa, escote cerrado, faldra ata o calcañar, traxe folgado no peito e faldra folgada.

2. Non ler novelas, periódicos, revistas sen a licenza eclesiástica.

3. Non acudir ao cine e nin ao teatro sen contar coa censura de Acción Católica e non bailar nin en público nin en privado os bailes saídos deste século e estudar e aprender os rexionais antigos non só de Navarra, senón de España enteira.

4. Mentres dure a guerra non usar pinturas nin cosmético ningún.

!Viva Cristo Rei! !Viva España!

— A represión

Na zona dominada polos sublevados desencadeouse un proceso de sistemática persecución e asasinato dos adversarios políticos, membros de organizacións sindicais e políticos esquerdistas e republicanos, ás que seguiron as execucións dos mandos militares que se negaran a unirse á sublevación. Foron decenas de miles as vítimas mortais da represión durante a guerra e a postguerra.

«A Anxo Casal paseárono ao pouco tempo. A Alexandre Bóveda fusilárono. E con eles centos máis.

Nos primeiros días o que máis se notaron foron as medidas derivadas do estado de guerra (non poder circular en grupos maiores de tres, etc) e nós, con moitas precaucións, claro, procurabamos vernos uns aos outros para intercambiar a información que se ouvía pola radio ou se recollía por outras fontes. Pero pasado algún tempo comezaron as detencións. Logo, os paseos. Iniciouse o terror, o gran medo que ía ir en aumento. Polas noites, cando sentías o motor dun coche encollíaseche o corazón de anguria pensando onde pararía. Se pasaba sen se deter, respirabas tranquilo. Logo, polas mañás, pescudabas con medo as novas dos que morreran aquela noite (…). Mentres, foron desaparecendo moitos compañeiros: uns como Bóveda foron fusilados, outros como Galán Calvete, paseados; algúns estaban presos agardando o consello de guerra; outros fuxidos no monte. O terror represivo fora producindo a total incomunicación. Cada un de nós, desde a soidade interior, tiña diante, xa como realidade fatal, o horizonte arrepiante dunha guerra civil».

Testemuño do galeguista Ramón Piñeiro

A represión, de todas maneiras, continuou durante anos, manifestándose non só nos «mortos oficiais» senón na persecución de dirixentes políticos e sindicais, nos significativos cambios dos nomes das rúas ou en confesións esixidas ós militares e funcionarios públicos considerados non adictos («Acta de retractación»).

Acta de retractación

Ante o tribunal de persoas honorables que están presentes DECLARO.

1.— Non estar conforme coa política da chamada Fronte Popular, cos procedementos de que esta se vale e ten valido para esnaquizar e afundir á nosa amada España, coa vileza dos seus directivos e homes de goberno, cos seus asasinatos e roubos, coa submisión a Rusia, coa desvinculación da Patria, manifestando que se algunha vez puido desviarme como ideal demócrata, repúgnoo actualmente.

2.— Non pertencer á seita masónica, nin ter relacións con ela, créndoa vil, miserable e inimiga da Patria, da miña familia e da miña dignidade como home e como español.

3.— Non pertencer a ningún partido político nin afiliarme no sucesivo mentres me atope en servizo activo.

4.— Estar de acordo coa alteza de miras, patriotismo e nobres finalidades que conduciron ao Movimiento Salvador do noso Exército.

Autorizo para que se faga deste documento o uso que teñan por conveniente.

O triunfo do bando «nacional» pechaba un período da Historia de España caracterizado polas expectativas, as esperanzas e as liberdades e abría outro, o Franquismo, que en palabras do poeta supuxo unha «longa noite de pedra».

Cambios de nome das rúas da Coruña

Nomes Republicanos	*Nomes franquistas*
Muelle de Trasatlánticos	Muelle de Calvo Sotelo
Mártires de Jaca	Primo de Rivera
Avenida de la República	Avenida de la Marina
Primero de Mayo	Matadero
Cantón de Porlier	Cantón Grande
Avenida Francisco Ferrer	Avenida del General Sanjurjo
Fraternidad	Trabajo
Igualdad	Justicia
Libertad	Disciplina
Capitán García Hernández	San Andrés

Desfile de la victoria, Madrid, maio 1939

2. O franquismo da posguerra.

O xeneral Franco, vencedor na Guerra Civil, gobernou España como «Caudillo pola gracia de Deus» ata a súa morte, acaecida en 1975. A Guerra deixou unha España esnaquizada material e espiritualmente, con 270.000 detidos e máis de 300.000 exiliados. A vitoria de abril de 1939 permitiulle ó bloque tradicionalmente dominante a total reconquista dos centros de poder.

"A España nacional celebra a vitoria con grandes mostras de entusiasmo e xúbilo. Unha gran parte da clase media, que creu estar en perigo real de extinción, recibe alborozada a nova organización social e política dun réxime fabricado a súa medida. As rúas aparecen tomadas por mozos uniformados: soldados, requetés, falanxistas, e por aquelas que foron "madriñas de guerra" e que desde a retagarda mandaban á fronte cartas, calcetíns e bufandas de punto tecidas a man. Abundan as boinas vermellas, os tricornes e as camisas azuis, nos balcóns bandeiras bicolores e nas paredes retratos do Caudillo coa lenda ¡Franco, Franco, Franco!. (...)

Despois de trinta e tres meses de guerra fratricida, co afundimento da fronte republicana, en tan só catro días —entre o 28 e o 31 de marzo— case oito millóns de cidadáns da zona roxa pasaron a vivir na España imperial. Franco promete pan e lume e na Universidade Central de Madrid arden as primeiras fogueiras de libros subversivos. (...) Despois de anos de persecución, industriais, patróns, grandes e pequenos comerciantes recuperan os bens incautados e o control das empresas. "Si algo tenemos —lese no texto dun anuncio da Satrería Vaquero publicado o 19 de abril— ¿a quien se lo debemos?, a ¡Franco, Franco, Franco!, nuestro glorioso Caudillo."

Jesús Marchamalo, "Bocadillos de delfín. Anuncios e vida cotiá na España da postguerra". Grijalbo, 1996

O franquismo foi algo máis que o goberno dun home só, na práctica constituíu un sistema político extraordinariamente duradeiro —cerca de 40 anos— dentro do cal produciuse unha indubidable evolución, froito máis que dos desexos do réxime, das presións do contexto europeo e das transformacións sufridas pola sociedade española.

2.1. As bases ideolóxicas e sociais do franquismo

"Baseado no poder omnímodo co que xurdiu da Guerra Civil, o Xeneral Franco soubo ir configurando o Réxime, sempre dentro das coordenadas que na tradición autoritaria española serviron para fixar os límites do poderío do Xefe do Estado: Exército, Igrexa e círculos económicos. Á construción económico-social así levantada houbo de dárselle en moitos aspectos un carácter social, para o que serviu a Falange, paulatinamente transformada en Movemento Nacional, con dispositivos concretos: satisfacción dunhas necesidades mínimas a través da seguridade social, control da clase obreira mediante os sindicatos verticais e unha certa difusión da ensinanza. O último complemento do sistema, para tratar de facelo permanente, non foi outro que a supresión do dereito ó sufraxio universal e as liberdades, e o recurso ás forzas de seguridade en permanente disposición fronte a calquera subversión da orde establecida. (...)"

Tamames, "La era de Franco"

Mentres que o fascismo italiano e o nazismo alemán tiveron un concepto preconcibido do Estado baseado nunha ideoloxía, o franquismo aglutinou nas súas orixes a un conglomerado arredor da oposición ao reformismo republicano. Apoiouse nun corpo doutrinal mínimo, o imprescindible para xustificar o poder unipersoal de Franco, a partir de presupostos falanxistas, de conservadorismo antiparlamentarismo e de catolicismo tradicional. Franco rodeouse dunha propaganda que o

Moeda franquista, 1953: 'Franco, caudillo de España por la Gracia de Dios'

presentaba como un home providencial, investido dunha misión divina , que encarnaba a unidade nacional. Como di o art. 47 dos estatutos da Falange: "el jefe responde ante Dios y ante la Historia". Desde o comezo e durante todo o seu réxime, manobrou habilmente para que ningunha das faccións do campo «nacional» (falanxistas, monárquicos, exército, Igrexa, e ningún dos homes que o rodearon) puidesen exercer un poder determinante e competir co seu. O Decreto-lei do 8 de agosto de 1939 dicía: «Correspondendo ao Xefe do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas (…) e radicando nel de modo permanente as funcións do goberno, as súas disposicións e resolucións, adopten a forma de leis ou decretos, poderán ditarse aínda que non vaian precedidos da deliberación do Consello de Ministros, cando razóns de urxencia así o aconsellen»

Esta unidade de poderes permitiulle aglutinar a un amplo bloque de forzas políticas da dereita tradicional española (carlistas, monárquicos, sectores conservadores católicos representados pola CEDA durante a República…), xunto con grupos de fascistas como Falange e Jons unificados o 19 de abril de 1937, que se converteron no partido único. Pero a guerra trasladou o protagonismo ó exército, quedando FE reducida ao papel de subministradora de simboloxía política aos sublevados —camisa azul, himnos, saúdo fascista—. Isto xerou certa frustración entre os falanxistas que se plasmou na creación de xuntas clandestinas que promoveron complots, todos eles abocados ó fracaso. A partir de 1942-45 os elementos máis rebeldes foron apartados e FE que quedou configurada como unha estrutura burocrática dedicada ó adoutrinamento e a propaganda: Frente de Juventudes, Sección Femenina, Oficina de Prensa y Propaganda, etc.

A Igrexa católica xogou un importante papel na lexitimación do réxime franquista. A cambio do apoio prestado, recibiu considerables prerrogativas. O catolicismo pasou a ser a relixión oficial do Estado. O goberno franquista devolveulle todos os privilexios que suprimira o goberno republicano. Participou nos principais órganos estatais: Cortes, Consello do Estado, etc. No campo escolar o cambio foi considerable. En virtude de lei toda a instrución primaria debía impartirse conforme á doutrina católica. A ensinanza da relixión fíxose obrigatoria en todas as escolas públicas. Así mesmo, participaba en todo o referente a censura e represión moral. A Igrexa aportoulle ao franquismo, a cambio, a consagración da Guerra Civil como 'cruzada' e apoiou todas as iniciativas do novo Estado. España, outra vez, volvía a ser «a reserva espiritual de Occidente», como dixera anos antes Menéndez Pelayo.

Franco baixo palio

«Os bispos, auténticos soberanos nas súas dioceses, aproveitaron todo tipo de tribunas para impor as súas cartas pastorais que, mentres amosaban unha obsesiva preocupación pola moral da perna, esquecían, en cambio, a dramática realidade do momento: a fame, o estraperlo, o paro, a falta de vivendas e de escolas, os abusos de poder, as represións, os cárceres cheos»

Ángel Bahamonde, Cuadernos del Mundo Actual, nº 3. Historia 16, 1993

O 26 de agosto de 1953, firmouse o Concordato coa Igrexa; foi o primeiro tratado internacional que conseguiu firmar o franquismo despois da Segunda Guerra Mundial. O texto outorgaba moitas vantaxes á Igrexa católica: un estatuto privilexiado para os membros do clero, axuda financeira ás institucións eclesiásticas, obrigatoriedade do ensino da relixión católica, etc. O Concordato recoñeceu ó xefe do Estado español o dereito á presentación de bispos, o que significaba deixarlle o poder de nomeamento. Pero o elemento esencial para o Caudillo é o Concordato mesmo e o seu artigo 1º, que estipula que «a Relixión Católica, Apostólica e Romana segue sendo a única da Nación», proclamación que se considerou lexitimación case sagrada dunha ditadura.

No nome da Santísima Trindade.

A Santa Sé Apostólica e o Estado Español, animados polo desexo de asegurar unha fecunda colaboración para o maior ben da vida relixiosa e civil da nación española, determinou estipular un concordato que […] constitúa a norma que ha de regular as recíprocas relacións das altas partes contratantes, en conformidade coa Lei de Deus e a tradición católica da nación española […].

Artigo primeiro.- A relixión católica, apostólica e romana segue sendo a única da nación española […].

Artigo segundo.- Un. O Estado Español recoñece á Igrexa católica o carácter de sociedade perfecta, e garántelle o libre e pleno exercicio do seu poder espiritual e da súa xurisdición, así como o libre e público exercicio do culto.

Artigo sexto.- […] Os sacerdotes españois diariamente elevarán preces por España e polo Xefe do estado […].

Artigo décimo noveno.- Un. A Igrexa e o Estado estudarán, de común acordo, a creación dun adecuado patrimonio eclesiástico que asegure a dotación do culto e do clero.

Artigo vixésimo noveno.- O Estado coidará de que nas institucións e servizos de formación da opinión pública […], se dea o conveniente posto á exposición e defensa da verdade relixiosa […].

Cidade do Vaticano, 17 de agosto de 1953. Concordato entre España e a Santa Sede

O Exército que triunfou na Guerra Civil, converteuse tamén nun dos piares básicos do franquismo. A súa influencia manifestouse na política, non só porque o xefe do Estado dependía del e era o seu xefe supremo dende 1936, senón tamén pola masiva participación do Exército nos gobernos formados dende 1938. Por outro lado, controlaba por completo as forzas de seguridade (Policía Armada e Guardia Civil). Por último, alimentou unha parte dos cadros da Administración Pública (gobernadores civís, directores xerais, etc.).

O bispo de Santiago condecora ao xeneral Aranda

O réxime non se sustentou exclusivamente na Falange, a Igrexa e o Exército. Tamén se viu apoiado por grupos que apoiaran a sublevación militar: grandes propietarios rurais, empresarios, industriais, alta burguesía administrativa, etc. Os apoios sociais ao franquismo incrementáronse notablemente debido a dúas circunstancias: os numerosos oportunistas que trataron de beneficiarse do poder político (como acontece habitualmente en réximes que se perpetúan durante bastante tempo) e os esforzos do poder franquista por aumentar a súa clientela. As tácticas despregadas ao respecto ían dirixidas a conseguir o apoio das clases medias, obxecto dun intenso adoutrinamento confiado á Falange e á Igrexa, á vez que intentou satisfacer os desexos de seguridade e promoción deste colectivo mediante unha rigorosa vixilancia da orde pública e a posibilidade ofrecida aos seus membros de facer carreira na administración.

2.2. Evolución ideolóxica e política do Novo Estado

Na evolución política do franquismo poden diferenciarse dúas etapas:

— 1ª etapa: ata 1945 (co fascismo italiano como modelo).

Etapa caracterizada pola dureza da represión, con medidas como: a Lei de Responsabilidades Políticas (1939), a Lei de represión contra a masonería e o comunismo (1941), ou a Lei de Seguridade do Estado (1941) que castigaba coa pena de morte os imprecisos delitos de «traizón». Realizouse unha depuración sistemática dos corpos de funcionarios por medio de tribunais especiais; as cotas máis elevadas de represión alcanzáronse nas grandes cidades e nas áreas latifundistas contra dirixentes obreiros. Nunca se buscou a reconciliación nacional. O Novo

Estado edificouse polos vencedores e para eles tratando de aniquilar ós vencidos.

Outro sector especialmente castigado foi o do ensino público, especialmente impulsado pola República, e polo tanto, sospeitoso ós ollos do novo poder:

Mulleres presas e rapadas

«A atención que merecen os problemas do ensino, tan vitais para o progreso dos pobos, quedaría esterilizada se previamente non se efectuase un labor depurador no persoal que ten ó seu cargo unha misión tan importante como o pedagóxico.

O feito que durante varias décadas o maxisterio en todos os seus graos e cada cada vez con con máis raras excepcións estivese influído e case monopolizado por ideoloxías e institucións disolventes, en aberta oposición co xenio e tradición nacional, fai preciso que nos solemnes momentos que atravesamos se realice unha revisión total e profunda no persoal de Instrución Pública, trámite previo a unha reorganización radical e definitiva do ensino, extirpando así de raíz esas falsas doutrinas que cos seus apóstolos foron os principais factores da tráxica situación á que foi conducida a nosa patria».

BOE 11 de Novembro de 1936

Miles de profesores foron expulsados da docencia, cando non encarcerados ou fusilados: «…os individuos que integran esas hordas revolucionarias, que causan tanto espanto cos seus desmandos, son sinxelamente os fillos espirituais de catedráticos e profesores que, a través de institucións como a chamada Libre de Ensinanza, forxaron xeracións incrédulas e anárquicas…» (Da Orde de 7 de Decembro pola que se organizaban as depuracións).

A persecución foi tan masiva que non só afectou ós mestres e mestras afiliados ós partidos e sindicatos de esquerdas, senón que se considerou suficiente 'delito': «…a pasividade evidente dos que puideron cooperar co triunfo do Movimiento…» (Orde M. de 18 de Marzo de 1939).

O ensino público sufriu un brutal retroceso: foron suprimidos 38 institutos de ensinanza media, quedando reducido o seu número a 113 para toda España en 1939, número que permaneceu case invariable ata os anos sesenta (119 Institutos en 1959), mentres que se favoreceu descaradamente ó ensino privado (pasaron de atender ao 28'9% do alumnado en 1931 ao 70'7% en 1943) multiplicando por 6 o número de centros, en 10 anos.

A derradeira lección do mestre, Castelao

Elaborouse tamén unha declaración sobre aspectos sociais: «El Fuero del Trabajo» (9 de marzo, 1938) inspirado na lexislación fascista italiana que subordinaba a economía á política e sentou as bases do intervencionismo do Estado na economía. Establecía unha estrutura de relacións laborais que podería sintetizarse no mantemento da propiedade privada das empresas e o fomento da iniciativa privada; a intervención do Estado nas normas de traballo e nos salarios; ordenación da empresa como unidade xerárquica de produción baixo a xefatura do patrón; prohibición dos sindicatos obreiros de clase; prohibición das folgas obreiras.

Esta declaración completouse coa lei do 26 de xaneiro de 1940 de Unidade Sindical, inspirada tamén no fascismo italiano, pola que se prohibía todo sindicato que non dependese da F.E.T. y de las JONS. Creáronse os sindicatos verticais, de contido profesional non clasista e de afiliación obrigatoria.

«Renovando a tradición católica de xustiza social e alto sentido humano que informou a nosa lexislación de Imperio, o Estado Nacional, en canto é instrumento totalitario ó servizo da integridade patria e sindicalista, en canto representa unha reacción contra o capitalismo liberal e o materialismo marxista, emprende a tarefa de realizar —con aire militar, construtivo e gravemente relixioso— a Revolución que España ten pendente e que ha de devolver ós españois, dunha vez para sempre, a Patria, o Pan e a Xustiza»

O traballo constitúe un dos máis nobres atributos de xerarquía e de honor e é título suficiente para esixir a asistencia e tutela do Estado» (Cap. I. Art. 6).

A empresa, como unidade produtora, ordenará os elementos que a integran nunha xerarquía que subordine os da orde instrumental ós de categoría humana e todos eles ó ben común» (Cap. VIII. Art. 2).

A produción nacional constitúe unha unidade económica ó servizo da patria. é deber de todo español defendela, mellorala e incrementala. Todos os factores que na produción interveñen quedan subordinados ó supremo interese da Nación» (Cap. XI. Art. 1).

Os actos ilegais, individuais ou colectivos, que perturben de maneira grave a produción ou atenten contra ela, serán sancionados con amaño ás leis» (Cap. XI. Art. 2).

A diminución dolosa do rendemento no traballo haberá de ser obxecto de sanción adecuada» (Cap. XI. Art. 3).

O Estado recoñece e ampara a propiedade privada como medio natural para o cumprimento das funcións individuais, familiares e sociais. Todas as formas de propiedade quedan subordinadas ó interese supremo da Nación, que como intérprete ten ó Estado» (Cap. XII. Art. 1).

A organización sindical constitúese nunha orde de Sindicatos industriais, agrarios e de servizos, por ramas de actividades a escala territorial e nacional que comprenda a todos os factores da produción» (Cap. XIII. Art. 2).

Fuero del Trabajo (9 de marzo de 1938)

En xullo de 1942 creáronse por lei as Cortes Orgánicas que non contemplaban a división de poderes. A capacidade lexislativa seguiu en mans de Franco. Deste modo, as Cortes convertéronse nun órgano só deliberante e así continuaron ao longo de toda a época franquista.

Franco, que recibira o apoio decisivo dos réximes fascistas de Italia e Alemaña para gañar a Guerra Civil, firmou en 1939 con eles o chamado «Pacto Antikomitern» (contra o comunismo e a URSS). Cando Hitler e Mussolini desencadearon a Segunda Guerra Mundial, o réxime de Franco declarouse «non belixerante» (1940), o que non é o mesmo que neutral, e non participou na guerra debido, en gran medida á miseria na que se atopaba España. O 20 de outubro de 1940 celebrouse a mitificada entrevista de Franco con Hitler en Hendaia.

Hitler e Franco en Hendaya

3. Co presente Protocolo declara España o seu ingreso ó Pacto de Alianza e Amizade firmado por Italia e Alemaña e o correspondente agregado secreto do 22 de maio de 1939.

4. No cumprimento das súas obrigas como aliado, España intervirá na actual guerra das potencias do Eixe contra Inglaterra, despois de que estas outorguen as axudas militares necesarias para a súa preparación ata un punto no cal, en apreciación conxunta entre as tres potencias, se estableza que se acadou un punto decisivo nos preparativos. Alemaña concederá axuda económica a España.

5. Ademais da incorporación de Xibraltar a España, as potencias do Eixe decláranse basicamente dispostas a conceder a España territorios en África.

6. O presente Protocolo terá un carácter estritamente secreto.

Protocolo secreto de Hendaia

A entrevista foi interpretada despois da guerra polo franquismo como unha manifestación da habilidade de Franco, que resistira a presión de Hitler para entrar na guerra. En realidade Hitler coñecía a pésima situación española e as reivindicacións españolas eran demasiadas para o que podía aportar. O réxime franquista mantívose fóra da guerra por incapacidade, aínda que apoiou aos espías alemáns e italianos, concedéronselle facilidades nos portos e aeroportos aos barcos e avións do Eixe, e promoveuse a exportación de produtos españois útiles para a guerra (wolfram, ferro) en pago pola axuda recibida na Guerra Civil.



"La cruz de hierro (condecoración alemá) a la madre de un heorico caído de la División Azul "

Cando en 1941 Hitler decidiu invadir por sorpresa a URSS, o réxime franquista organizou a División Azul «para combater o comunismo en Rusia». Estivo formada por un total de 47.000 voluntarios que, en palabras do ministro de Exteriores, Serrano Suñer "o seu sacrificio dábanos lexitimidade para participar na soñada vitoria e escusábanos dos xerais e terribles sacrificios da guerra".

Cando a Segunda Guerra Mundial comezou a ser favorable aos aliados —desde 1943—, Franco decidiu cambiar de política e volveuse á declaración de neutralidade, retirouse a División Azul (quedou só un pequeno destacamento de voluntarios encadrados no exército alemán), abandonouse o saúdo fascista e fixéronse progresivos chamamentos á paz sinalando ó comunismo como o auténtico inimigo. Aínda así, mantivo ata o final a cooperación económica e estratéxica co réxime nazi.

— 2ª etapa: a partir de 1945.

Caracterizouse pola perda de influencia dos sectores máis próximos ao fascismo doutrinal. Despois da derrota dos países do Eixe, o franquismo buscou achegarse aos vencedores da Segunda Guerra Mundial. Pero houbo unha forte oposición internacional contra todos os países e grupos que apoiaran ás potencias fascistas, e mesmo as potencias vencedoras rexeitaron a lexitimidade do réxime franquista, o que fixo pensar á oposición democrática española na probabilidade dunha intervención internacional que acabase coa Ditadura. Sen embargo, os aliados limitáronse a retirar os embaixadores e a negarlle a entrada a España nos organismos internacionais, como a ONU.

«No lugar da ruptura de relacións diplomáticas, a resolución 39 recomendaba só os membros da ONU a retirada dos embaixadores. A maior parte dos membros da ONU retiraron os seus embaixadores, pero mantiveron as relacións diplomáticas, encabezadas por un simple encargado de negocios. En Madrid só quedaron os embaixadores de Portugal, Arxentina e a República Dominicana, ademais da Nunciatura apostólica. A retirada de embaixadores non tivo consecuencias no plano comercial, aínda que se produciu un certo impacto moral, que Franco tratou de capitalizar a seu favor. Fronte ás condenas da ONU, o Goberno organizou unha gran manifestación popular na Praza de Oriente, na que se aclamou a Franco e se verteron toda clase de insultos contra os exiliados e os seus supostos amigos de Occidente.»

José María Arnero, "La política exterior de Franco"

Ante a presión exterior, e a interior dos monárquicos partidarios de D. Juan, Franco introduciu cambios no réxime sen perder nada do seu poder. O ditador e os seus colaboradores iniciaron unha operación de enmascaramento político dirixido a disfrazar as institucións de maneira que resultasen presentables no concerto das potencias occidentais. Foi unha política de espera, agardando que pronto se desencadearía en Europa a confrontación entre a URSS e EE UU, e que estes haberían de recorrer a España polo seu anticomunista e o seu valor estratéxico.

«... ao dispararse o derradeiro tiro no Pacífico, comezou a guerra diplomática entre os anglosaxóns e Rusia (...). Por esta fundamental causa de frío interese, os anglosaxóns non soamente non apoiarán, senón que se oporán a todo o que puidese determinar unha situación de hexemonía soviética na Península Ibérica. Interésalles nesta orde o anticomunismo, pero preferirían lograr isto cun réxime distinto do actual. (...)

As presións dos anglosaxóns por un cambio na política española que rompa o normal desenvolvemento do réxime actual, serán tanto menores canto máis palpable sexa nosa orde, nosa unidade e nosa impasibilidade ante indicacións, ameazas... A única fórmula para nosoutros non pode ser outra que: orde, unidade, aguantar.»

Nota de información interior, elaborada por Carrero Blanco, 29-8-1945

O primeiro paso foi a promulgación de El Fuero de los Españoles (16 de xullo de 1945). Era unha especie de Declaración de dereitos fundamentais. Entre as características que o diferencian das constitucións dos países democráticos pódense sinalar: a afirmación explícita da confesionalidade do Estado, e recoñecemento dos dereitos condicionado á protección dos «principios fundamentais do Estado» e da «unidade espiritual, nacional e social de España». Ademais non eran esixibles ante ningún tribunal, deixándose para o futuro a regulación dos mesmos, e a vixencia dos artigos fundamentais —liberdade de expresión, liberdade de asociación e habeas corpus— podía ser suspendida temporalmente polo goberno mediante decreto-lei.

«A lei ampara por igual o dereito de todos os españois, sen preferencias de clases nin acepción de persoas» (Art. 3).

A profesión e práctica da Relixión Católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. O Estado asumirá a protección da liberdade relixiosa, que será garantida por unha eficaz tutela xurídica que, á vez, salvagarde a moral e a orde pública» (Art. 6).

Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten ós principios fundamentais do Estado» (Art. 12).

Dentro do territorio nacional, o Estado garante a liberdade e o segredo da correspondencia» (Art. 13).

Os españois teñen dereito a fixar libremente a súa residencia dentro do territorio nacional» (Art. 14).

Ninguén poderá entrar no domicilio dun español nin efectuar rexistros nel sen o seu consentimento, a non ser con mandato da Autoridade competente e nos casos e na forma que establezan as leis» (Art. 15).

Os españois poderán reunirse e asociarse libremente para fins lícitos e de acordo co establecido polas leis» (Art. 16).

Ningún español poderá ser detido senón nos casos e na forma que prescriben as leis. No prazo de 72 horas, todo detido será posto en liberdade ou entregado á Autoridade xudicial» (Art. 18).

O matrimonio será un e indisoluble» (Art. 22).

A vixencia dos artigos 12, 13, 14, 15, 16 e 18, poderá ser temporalmente suspendida polo Goberno ou parcialmente mediante Decreto-Lei, que taxativamente determine o alcance e duración da medida» (Art. 35).

Fuero de los españoles (17 de xullo de 1945)

O 22 de outubro do mesmo ano aprobouse a Lei de Referendum, que deixaba en mans do Estado a capacidade de someter a referendo os proxectos de lei elaborados polas Cortes.

En 1947 aprobouse nun referendo a Lei de Sucesión, cun 93% dos votos, en medio dun clima de coacción e terror policial. Afirmaba a natureza monárquica do réxime, do que Franco continuaba sendo o xefe, pero debendo nomear un sucesor. En agosto de 1948 don Juan entrevistouse con Franco e permitiu que o seu fillo Juan Carlos se educase en España, aceptando a posibilidade de

que fose elixido herdeiro na Xefatura do Estado.

«Artigo primeiro.— España, como unidade política, é un Estado católico, social e representativo, que, de acordo coa súa tradición, declárase constituído en Reino.

Artigo segundo.- A Xefatura do Estado corresponde ó Caudillo de España e da Cruzada, Xeneralísimo dos Exércitos, don Francisco Franco Bahamonde.

Artigo sexto.— En calquera momento o Xefe do Estado poderá propoñer ás Cortes a persoa que estima ser chamada no seu día a sucederlle, a título de Rei ou de Rexente (…).

Artigo noveno.— Para exercer a Xefatura do Estado como Rei ou Rexente requirirase ser varón e español, ter cumprido a idade de trinta anos, profesar a relixión católica, posuír as calidades necesarias para o desempeño da súa alta misión e xurar as Leis fundamentais, así como lealdade ós Principios que informan o Movemento Nacional (…).»

Lei de Sucesión na Xefatura do Estado de 26 de xullo de 1947, modificada pola Lei Orgánica do Estado de 10 de xaneiro de 1967. (Cit. en Leyes Fundamentales del Reino, pp. 61 e ss.).

Foron os acontecementos mundiais, e non a lexislación de Franco, os que provocaron finalmente a entrada de España nos organismos internacionais. O restablecemento das relacións diplomáticas iniciouse a partir de 1950 cando comezou a producirse a entrada de España na ONU, FAO, UNESCO, etc. En 1950 a Asemblea Xeral da ONU decidiu revocar por ampla maioría a resolución condenatoria cara España e regresaron os embaixadores occidentais. O ingreso definitivo de España na ONU produciuse en 1955.

Sen embargo, os dous fitos fundamentais no recoñecemento da España de Franco foron anteriores á entrada na ONU: o Concordato coa Santa Sede, e o Tratado de amizade e cooperación con Estados Unidos, ambos asinados en 1953.

O acordo hispano-norteamericano comezou a negociarse no ano 1951, e concluíu en 1953 coa firma de tres acordos: o convenio defensivo, o convenio de axuda para a mutua defensa e o convenio sobre axuda económica. A cambio dunha limitada axuda económica e material bélico para modernizar o seu Exército, España concedía ós Estados Unidos o dereito a establecer e utilizar instalacións e facilidades militares no seu territorio: as base aéreas de Rota, Torrejón, Morón e Zaragoza.

Fronte ó perigo que ameaza ó mundo Occidental, os Gobernos dos Estados Unidos e de España, desexosos de contribuír ó mantemento da Paz e a Seguridade internacional (…) para poder participar eficazmente en acordos sobre a propia defensa, acordaron o seguinte:

Artigo primeiro.- (…) Estiman os Gobernos dos Estados Unidos e de España (…) que as súas relacións se desenvolvan sobre a base dunha amizade estable, en apoio da política que reforza a defensa de Occidente. Esta política comprenderá o seguinte:

1º. Por parte dos Estados Unidos, o apoio do esforzo defensivo español, para os fins convidos, mediante a concesión de asistencia a España en forma de subministro de material de guerra (…).

2º. (…) O Goberno de España autoriza ó Goberno dos Estados Unidos (…) manter e utilizar para fins militares, xuntamente co goberno de España, aquelas zonas e instalacións en territorio baixo xurisdición española que se conveña polas Autoridades competentes de ambos Gobernos (…).

Artigo terceiro.- As zonas que en virtude de este Convenio se preparen para a súa utilización conxunta, quedarán sempre baixo pavillón e mando español (…).

Convenio defensivo de mutua defensa e axuda económica, entre Estados Unidos y España. Feito en Madrid o día 26 de setembro de 1953.

En termos políticos e diplomáticos, os acordos cos norteamericanos representaron un gran triunfo para o franquismo. Na realidade, supuxeron a confirmación da dependencia española respecto dos Estados Unidos. Na axuda económica, a diferenza de trato foi perceptible debido á contía da asignación concedida, moi inferior á conseguida polos países de Europa Occidental co Plan

Marshall, para o que a España de Franco non reuniu as condicións políticas necesarias. Entre 1946 e 1960, España recibiu 456 millóns de dólares en axuda militar, mentres que a económica ascendeu a 1.013. En ambos casos moi por debaixo doutros países, como Turquía, Grecia ou Brasil.

O presidente de EE UU, Eisenhower, visita España en 1959

O material bélico foi cualificado polo propio Carrero como material de despece. E aínda que nominalmente o uso das bases sería determinado de mutuo acordo, unha cláusula secreta autorizaba ao goberno norteamericano a dispoñer delas en caso de evidente agresión comunista, sen necesidade de consulta previa coas autoridades españolas. Os acordos ratificaron a aceptación da España franquista no ámbito occidental, se ben como un socio menor e desprezado pola súa estrutura política e pasado fascista. Así, o réxime rompeu o illamento, aínda que seguiu excluído do Consello de Europa, da OTAN e do nacente Mercado Común.

2.3. A política económica autárquica

Ó rematar a Guerra Civil estableceuse unha política económica autárquica, buscando a autosuficiente respecto do exterior, orientando toda a produción interior ao aproveitamento dos recursos propios, substituíndose, na medida do posible, a utilización de produtos foráneos por outros do país, co obxecto de reducir ao máximo as importacións. Polo menos ata 1951 o novo estado totalitario perseguiu unha política de auto abastecemento, fortemente dirixida polo poder político. O desenvolvemento desta política non se debeu só a razóns ideolóxicas e a un intento de desenvolvemento autónomo, senón tamén á imposición das circunstancias políticas. Primeiro pola guerra mundial e despois polo illamento internacional.

«Para que España recobre o seu posto no mundo precísase capacitala en todos os sentidos. Para que a independencia nacional non sexa unha palabra van, é necesario subliñala cunha efectiva potencia militar. Non hai liberdade exterior, non hai España libre, sen autosuficiencia económica. Non hai tampouco verdadeira liberdade sen emancipar a nosa moeda e a nosa balanza de pagamentos do déficit crónico e crecente que presenta dende o advento da República, agravado hoxe polo saqueo e despoxo da nosa reserva de ouro. Unha e outra razón motivaron a primeira directriz que ha de impregnar irrevogablemente a nosa futura política económica. A autosuficiencia vense denominando pola aclimatación italiana do vocábulo xenérico «autarquía», e a política autárquica ha de ser, en efecto, a nosa nos anos próximos. Logo examinaremos en que grao e medida é adecuada ás nosas necesidades e á nosa idiosincrasia produtora».

Discurso do Director Xeral de Industria en 1940, Triunfo, nº 580.

— O INI. En setembro de 1941 constituíuse o Instituto Nacional de Industria (INI), pedra angular do intervencionismo económico. O seu obxectivo era a substitución de importacións, sobre todo nos aspectos vinculados á defensa nacional. Tamén interveu nos sectores que esixían grandes investimentos e encargábase de salvar empresas privadas en crise. O INI estivo integrado por unha serie de empresas nas que o Estado aportou grandes cantidades de capital e na súa xestión e dirección interveu directamente o Goberno.

Contou dende o primeiro momento co problema da ausencia dunha tecnoloxía nacional e a escaseza de recursos. Así o INI implantou unha política industrial que se por un lado aproveitaba as rexións industriais tradicionais, por outro sentaba as bases para a consolidación de novas zonas industriais. Este último caso sería o de Madrid, como centro da rede de comunicacións pero, tamén, pola súa condición de capital á que se desexaba converter en símbolo do réxime centralista. Así, o INI efectuou grandes investimentos en empresas industriais e de servizos da capital e do seu contorno.

A necesidade de vigorizar a nosa economía, fortemente afectada por unha balanza de pagamentos tradicionalmente adversa, inspirou a política do Estado de fomento das industrias de interese nacional que a Lei de vintecatro de outubro de mil novecentos trinta e nove (boletín oficial do estado 298) regulou, estimulando a iniciativa particular, coa concesión de importantes vantaxes

e garantías.

Sen embargo, é tan grande a contía das investimentos que a fabricación de determinados produtos require, que moitas veces reborda o marco no que as iniciativas particulares se desenvolven, e para outras a marxe de beneficios resulta tan moderada que non ofrece incentivo ós organismos financeiros, que fan desviar o aforro español cara outras actividades, con prexuízo dos intereses da Patria.

Os imperativos da defensa nacional esixen, por outra parte, a creación de novas industrias e a multiplicación das existentes, que permitan apoiar os nosos valores raciais co apoio indispensable dunha potente industria, o que require dar a este rexurdimento un ritmo máis acelerado se temos que realizar os programas que o noso destino histórico demanda. Non existen, ademais, na nosa Nación as entidades aptas para financiar estes grandes programas industriais, xa que as actuais Sociedades de crédito, pola súa constitución e especialización no crédito a curto prazo, non son as indicadas para realizar estes fins.

Xorde, pois, a necesidade dun organismo que, dotado de capacidade económica e personalidade xurídica, poida dar forma e realización ós grandes programas de rexurdimento industrial da nosa Nación, que, estimulando á industria particular, propulsen a creación de novas fontes de produción e a ampliación das existentes, creando por si as que o interese da defensa nacional ou os imperativos da nosa economía esixan. Isto permitirá o que o Estado recolla e canalice o aforro, converténdoo en auxilio vivo da economía do país, de acordo cos principios políticos do Movemento.

Preámbulo da Lei de creación do Instituto Nacional de Industria. 25 de setembro de 1941.

Colección de cupóns de racionamento e cupóns de pan

— Racionamento e mercado negro. A autarquía era inviable nun país como España, que carecía de produtos tan importantes como petróleo, algodón, pasta de papel, fertilizantes, etc. A política económica levou a unha carencia alarmante de produtos básicos para o funcionamento da economía. Gran parte das existencias foron controladas polo Estado mediante a política de intervención directa. O Goberno fixaba quen, que e canto se podía consumir, racionando os produtos que consideraba escasos. Isto ocorreu tanto para produtos de uso cotiá (pan, aceite, xabrón, tabaco, etc.) mediante a cartilla de racionamento, como para moitos produtos industriais (siderúrxicos, algodón, etc.).

Estraperlo na Gran Vía de Madrid, 1952
Catalá Roca

A consecuencia inmediata foi a xeneralización da corrupción, que levou a prácticas estraperlistas ou de mercado negro. É dicir, a compra e venda de forma fraudulenta, fóra das canles oficiais, dos produtos intervidos pola administración. Un reducido número de personaxes atopou o camiño libre para a realización de grandes fortunas. O intervencionismo non favoreceu ós máis débiles como intentaba xustificar o réxime, senón que deu orixe a numerosos negocios baseados na especulación e na influencia nos órganos da administración. En 1943, segundo datos oficiais, un 30 por 100 da colleita era desviada ó mercado negro.

«Dúas palabras caracterizan a situación: o “estraperlo”, e o “enchufe”. Había escaseza en calquera tipo de mercadorías. O racionamento dos alimentos, a gasolina e doutros produtos, que fora establecido durante a guerra, aínda seguía en vigor. Os sindicatos e as asociacións profesionais controlaban a distribución. Eran eles quen determinaban as cantidades dos produtos, repartidas en cada almacén, os médicos que recibirían os

fornecementos e os automóbiles que tan desesperadamente se pedían, e tomaban outras decisións, de forma que eran eles os responsables da mellora ou da ruína dos individuos. Un sistema de escaseza controlados como este, contribuía ó favoritismo e a corrupción, e ambos eran inmensos. Os fornecementos concedidos polo Goberno para a construción de vivendas eran vendidos baixo corda polos contratistas ós construtores privados a prezos altísimos; o trigo comprado en Arxentina para aliviar a escaseza de alimentos apareceu en Italia. Os labregos agachaban a súa colleita da mirada do Sevicio do Trigo, para vendela no mercado negro e as mulleres ofrecían pan nas esquinas ós prezos do mercado negro mentres que os panadeiros non podían subministrar as racións dos traballadores. A pobreza, a desnutrición e a tuberculose apoderáronse das cidades, pero a pesar diso un gran número de persoas emigraba a elas desde o campo en busca de traballo, Debido á falta de vivendas, as clases máis pobres vivían en chabolas, que construían nas aforas das cidades con paus de madeira ou ladrillos roubados. Por riba deles, o mercado negro, o suborno e o favoritismo estaban producindo unha clase de ostentosos novos ricos, que conseguían os seus ingresos por medios ilegais e inmorais.»

Herr, R.: "Ensayo histórico de la España contemporánea"

A expansión do mercado negro afectaba ás economías familiares, pero tamén ás pequenas e medianas empresas que non estaban ben relacionadas co poder. As interrupcións no subministro de materias primas e de enerxía estaban á orde do día. A imposibilidade de obter licenzas de importación obrigaba ó contrabando para lograr os recursos necesarios.

A maioría das industrias privadas atoparon grandes dificultades para desenvolver as súas actividades porque o desexo do Estado de controlar directamente a economía fixo que se establecesen unha serie de normas, como o permiso previo para a instalación ou ampliación de industrias, que tivo como consecuencia dirixir todo o esforzo investidor cara as industrias consideradas de "interese nacional" polo Goberno.

A pesar de que os salarios se mantiveron moi baixos, isto non foi suficiente para aumentar a produción, tanto industrial como agrícola. Os niveis de produción de 1936 non se acadaron ata a década dos cincuenta. As cartillas de racionamento non se suprimiron ata 1953 (exemplo do fracaso dun dos lemas máis repetidos pola propaganda: 'ningún hogar sin lumbre y sin pan') e tamén continuaron as importacións de trigo arxentino e as restricións de electricidade.

VARIACIONES DEL SALARIO OBRERO, EXPRESADO EN PESETAS DE 1930 (1930=100)

Años	Mineria	Metalurgia	Textiles	Agricultura
30	100	100	100	100
31	103,73	103,15	100,94	101,48
32	107,8	105,32	103,58	107,48
33	115,43	113,39	112,41	115,91
34	113,47	111,37	110,94	114,6
35	117,85	113,33	114	115,49
36	118,29	115,62	118,75	121,95
37	118,45	112,15	118,99	123,97
38	117,41	113,53	118,56	123,99
39	90,95	90,84	93,12	89,02
40	79,14	79,09	83,6	87,77
41	70,29	68,73	74,77	84,86
42	66,1	65,19	70,79	81,36
43	61,22	60,51	67,3	76,46
44	58,86	59,23	65,83	72,51
45	53,34	52,27	61,67	68,92
46	50,09	48,87	56,01	60,66
47	50,87	46,01	53,36	56,45
48	47,49	42,95	49,82	52,7
49	44,38	40,14	46,52	49,25
50	37,61	34,01	39,45	41,74
51	29,28	26,48	30,72	32,49
52	29,1	26,32	30,53	32,3
53	27,07	24,48	28,4	30,04
54	33,83	28,16	34,08	40,56

Os anos corenta estiveron marcados por moitas dificultades que limitaron o crecemento económico. Así a reconstrución posbélica atrasouse considerablemente. Na agricultura (a pesar de que aumentou a súa importancia relativa fronte á industria e os servizos) o descenso da produción foi causado pola baixada dos rendementos pola falta de fertilizantes e maquinaria e pola redución da superficie cultivada. Isto tivo unha repercusión moi grave nos alimentos de primeira necesidade, que estiveron racionados.

Haberá que esperar a 1952 para que a renda per cápita de 1935 alcance os valores destes últimos anos. Foron os grupos sociais menos podentes os que soportaron o deterioro da evolución económica. Hai un contraste entre as figuras dos novos ricos ben situados politicamente, e as situacións de extrema pobreza. En 1947 a subsistencia básica diaria dunha familia traballadora con

dous fillos era de 12,5 pesetas aproximadamente, mentres que en 1951 o seu custo incrementouse nun 100 por 100. Sen embargo os salarios non seguiron o mesmo ritmo.

> «Os anos corenta foron, para a base ampla e somerxida da poboación, anos de dor, fame, vexación e medo nun réxime de «salvoconduto» para viaxar e de «cartillas» para adquirir miserables racións alimentarias. Foron tamén anos de euforia frívola, ofensiva, na reducida clase, profundamente vulgarizada, dos mandaríns sen respecto e os ricos especuladores.»
>
> D. Ridruejo, citado en «Historia de España», dirixida por Tuñón de Lara, Ed. Labor

— Feble crecemento nos cincuenta. A partir de 1950 cambiouse a política económica, ante o evidente fracaso da autarquía e produciuse un aumento das relacións económicas co exterior —paralelo ás relacións políticas— imprescindibles para o desenvolvemento industrial debido a carencia de maquinaria. Decretouse a liberdade de prezos e de circulación para toda clase de produtos agrarios e suprimíronse as cartillas de racionamento. A industrialización creceu, as cidades aumentaron a súa oferta de postos de traballo e alí se foron instalando os emigrantes procedentes do campo en barrios de chabolas. O mundo urbano comezou a desenvolverse por riba das áreas rurais.

Sen embargo, este primeiro crecemento económico (o PIB pasou de crecer nos corenta a un ritmo dun do 1,2% anual a un 5% nos cincuenta) foi acompañado dunha forte dependencia das importacións e dunha altísima inflación. Os salarios —controlados polos Ministerio de Traballo— subiron sempre por debaixo dos prezos. En 1951 producíronse as primeiras protestas obreiras de importancia en protesta pola situación económica, pero tamén contra o propio Réxime.

2.4. A oposición: a guerrilla antifranquista

Ao rematar a Guerra Civil arredor de medio millón de persoas marcharon ao exilio. Os dirixentes republicanos mantiveron un goberno da República tratando de manter a legalidade xurdida da Constitución de 1931. As súas esperanzas na derrota do Eixe na II Guerra Mundial e o derrocamento de Franco víronse frustradas cando o réxime foi recoñecido polas potencias occidentais.

Panfleto do PSOE pedindo que os franceses non esquezan a axuda de Franco a Hitler

Os diferentes grupos políticos reaccionaron de distintas maneiras á represión exercida pola Ditadura. O PSOE converteuse nun partido débil e dividido entre os seus dirixentes do exilio e do interior, o PCE converteuse no principal partido da oposición cunha disciplinada estrutura clandestina. Os republicanos e os anarquistas a penas tiveron relevancia.

A represión da guerra e da posguerra desmantelou os cadros políticos e sindicais da esquerda. As primeiras folgas en 1946-1947 foron duramente reprimidas e a oposición a penas tivo actividade ata 1951, cando o boicot aos tranvías de Barcelona pola suba dos billetes constituíu a primeira protesta de masas na historia do franquismo.

En 1956, o enfrontamento na Universidade Complutense de Madrid entre estudantes falanxistas do SEU (Sindicato de Estudiantes Universitarios) e unha nova xeración de estudantes, provocou a dimisión do ministro de Educación, Ruíz Giménez.



Zonas de actuación da guerrilla

— A formación da guerrilla antifranquista debeuse a tres factores:

1. A existencia, ao rematar a guerra, de numerosos grupos de «fuxidos», é dicir, combatentes e partidarios da II República que ante a imposibilidade de abandonar o país decidiron non entregarse ata que non amainase a durísima represión e se 'botaron ao monte'.

2. O franquismo nunca pretendeu realizar un proceso de reconciliación nacional, senón que optou por unha solución violenta do problema dos fuxidos, provocando que este alcanzase dimensións cada vez máis alarmantes.

3. O desenvolvemento da II Guerra Mundial espertou na oposición antifranquista de dentro e fóra de España a esperanza de liquidación ou debilitamento do réxime.

Guerrileiros en Ferradillo, León, 1942

En Galicia organizouse en 1942 a Federación de Guerrillas. Cuerpo León-Galicia. Tivo unha

importante presenza nas montañas de Ourense e Lugo e no Bierzo. Estaba formada por fuxidos e máis tarde sería tomada como exemplo polos comunistas para constituír outras agrupacións guerrilleiras. Os seus membros pertencían a distintos grupos da esquerda: socialistas, comunistas, anarquistas ou sen militancia definida. Editaron un periódico clandestino, El Guerrillero, que chegou a ter unha tirada de 300 exemplares. En 1945 transformouse na IV Agrupación Guerrillera, controlada polos comunistas.

Tras unha segunda e prolongada suspensión derivada do réxime de terror que ensanguenta a España, volve á palestra o noso órgano O Guerrilleiro.

Volve para reafirmar o espírito de loita implacable que animou sempre a invicta Federación de Guerrillas de León-Galicia, a cal, pese ós renovados intentos do inimigo para impedilo, camiña con paso firme cara a meta dos seus fins político-militares.

Renova O Guerrilleiro o seu contacto coa opinión antifascista, para ser o expoñente fiel da indómita vontade dos homes das guerrillas federados e demostrar ós chacais da Comandancia Especial para a persecución de fuxidos, que nada nos arreda, que nada nin ninguén torcerá a nosa marcha ascensional e recta cara a reconquista dos dereitos que o inimigo usurpou ó noso pobo. Nin a tortura dos nosos colaboradores e amigos e o seu asasinato vil; nin a espectacular persecución que nos dispensan os inexpertos cans con gorro de charón e a mesnada africana [...]. Pese a todos e a todo, levouse a cabo con resoantes éxitos a ofensiva propia comezada en marzo do ano pasado, que tiña por obxectivo gardas franquistas, falanxistas recalcitrantes, axentes do Servizo Segredo da Guardia Civil, descarrilamento de trens, voadura de vías férreas, tendido eléctrico e telefónico e centrais eléctricas.

[...] O Goberno que preside o señor Giral, apoiado por tódalas forzas que compoñen a Alianza Nacional Democrática, é a única solución ó caos político e á ruína económica que o réxime franquista nos deixará por herdanza [...].

O Guerrilleiro, 1 de abril de 1946 (Cit. en Francisco Aguado Sánchez, El maquis en sus documentos, pp. 398-399)

As accións da guerrilla intensificáronse en 1944-1945, cando se anunciaba a derrota nazi. Os maquis trataban de colaborar na caída do réxime agardando unha intervención dos Aliados en España, que non se produciu. A operación máis espectacular foi a entrada en España de miles de guerrilleiros en outubro de 1944, polo val de Arán. Lograron conquistar varias localidades, pero fracasaron na toma de Viella e foron derrotados pola superioridade das forzas franquistas. No ano 1944 aumentou a actividade do maquis por toda España, creándose Agrupacións Guerrilleiras por toda a xeografía.


Maquis nos Pirineos, 1944

En 1948, o PCE, o partido que controlaba as organizacións guerrilleiras, renunciou a loita armada e fixo un chamamento aos maquis para que abandonaran o país. A evacuación xeral foi decretada en 1952.

A imposibilidade dunha intervención internacional e o desgaste sufrido polos guerrilleiros e as poboacións que os apoiaban explican o final da Guerrilla. O uso da tortura foi habitual por parte das forzas da Ditadura. O bloqueo informativo impedía que se coñeceran as actividades do maquis e cando as noticias transcendían á poboación eran difundidas como unha actuación de bandidos, de delincuentes comúns sen significado político.

Moitos guerrilleiros foron detidos, torturados e fusilados. Outros morreron en combates coa guardia civil. En Galicia José Castro Veiga, Piloto, non caeu ata 1965.

Os maquis movéronse principalmente nas zonas montañosas, onde se agochaban. Nestas áreas contaban co apoio de parte da poboación das aldeas. Tamén houbo guerrilla urbana, pero de menor entidade. Para soster a acción guerrilleira foron fundamentais os enlaces, poboación civil que os apoiou ofrecéndolles comida, aloxamento e, tamén, información. Foron máis os enlaces que os combatentes, calculándose en 20.000 as persoas detidas por colaborar co maquis.

Francisco Rey, guerrilleiro coñecido polo alcume de Moncho e xefe da guerrilla que operou pola zona da Coruña, lembra os apoios e accións dos «escapados» e guerrilleiros.

O movemento guerrilleiro non xurdiu no monte, saíu da chaira ó monte. Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, o fixeron antes de caer de novo no cárcere ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ó monte homes de tódalas tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas [...].

Ó principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Éramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ó que se expoñían e, sen embargo, non vacilaban en acollernos.

Coa chegada a Galicia do inesquicible Gómez Gayoso a loita guerrilleira, poderosamente apoiada polo Partido Comunista, cobrou de novo impulso. A partir deste momento comezamos a pasar de escapados a guerrilleiros realmente organizados [...].

Un problema espiñoso era o económico. Facían falta cartos porque eramos moi pobres. Era difícil botar a andar aquela máquina complicada nas condicións de vixilancia existentes. Había que comprar dinamita e pólvora.

Foi o destacamento «Líster» o que proporcionou unha parte considerable de cartos. Os fascistas pagaban. Ós asasinos os axustizabamos, cumprindo a vontade expresa do pobo. Ós fascistas que obraban mal, pero non se mancharan as mans de sangue, impoñiámoslles sancións económicas e contribuían desta maneira, moi ó seu pesar, á loita contra o réxime: dez mil, cincuenta mil pesetas, de acordo cos seus medios de fortuna [...]. Faciamos saltar as vías férreas, postes de alta tensión; puxemos unha bomba na emisora de Radio Coruña [...].

Nova Galicia, París (cuarto trimestre 1969 e primeiro trimestre 1970), pp. 36 e ss.

2.5. Vida cotiá no primeiro franquismo

— Sobrevivindo. Para a maioría dos españois os anos da posguerra foron anos de represión e pobreza. O racionamento afectou a produtos tan básicos como a carne, ovos, queixo, pan, etc. A dieta alimentaria empeorou considerablemente e as familias tiñan moitas dificultades para alimentar aos seus membros. Foron moitos os que tiveron que recorrer á Beneficencia, á mendicidade e, mesmo, á prostitución.

O esencial de esta nova clase de cociña é o saberse preparar se é preciso unhas chuletas sen carne nin ósos, unha tortilla sen a menor cantidade de ovos, unhas luras fritidas sen luras ou unha sopa de peixe sen peixe, unhas croquetas sen leite, fariña nin manteiga, ou un café bo porque si, a base de ervellacas e casca de cacahuetes, adozado con mel, azucre ou con xarope, sacarina, en fin, o que se teña. En tales necesidades, a xente comía ata ervellacas sen esconderse (…).

Luras fritidas sen luras.

A base de toradas de cebolas grandes prepárase este substancioso prato na forma seguinte: Mondadas as cebolas grandes, córtanse en toradas dun centímetro de espesura, sóltanse os aneis que forman as cebolas (formato igual ás luras fritidas), sazónanse de sal, seguidamente pásase anel por anel nunha pasta de fariña semilíquida, que fai á vez de ovo e bótanse a fritir pouco a pouco nunha tixola con aceite (…).

Ignacio Domenech, Cocina de recursos (Deseo mi comida), pp. 142-143.

Non había para comer nin tampouco para vestir. As clases baixas sufriron escaseza de calzado, polo que foi frecuente ver xente descalza polas rúas. As clases medias tiveron que recorrer a darlle 'a volta' aos traxes para manter as aparencias.

Familia na porta e neno con muletas, en Cadalso (Madrid) 1955, Inge Morath

Nesta poboación mal alimentada, mal vestida e que vivía en moi malas condicións, as epidemias expandíronse con facilidade. A máis famosa foi a de tifo, pero tamén houbo sarna, tiña e, sobre todo, tuberculose. Ao non existir un sistema público de sanidade só se podían tratar con ineficaces remedios caseiros.

— Costumes e ocio. A vida dos españois estaba absolutamente fiscalizada polo Estado e a Igrexa, desde a prohibición de celebrar as festas de entroido ata os modelos de traxe de baño; desde os libros que estaban autorizados a ler, ata as películas que podían ver.

Os momentos máis significativos da vida: o nacemento (bautismo), o paso a adolescencia (primeira comuñón), o casamento ou a morte foron asimilados aos ritos católicos.

As mulleres viron totalmente limitado o seu papel social, quedando confinada no fogar. Nos centros educativos as mulleres tiveron que estudar obrigatoriamente Fogar e Ximnasia, con pololos, impartidas por instrutoras da Sección Femenina, e tiñan que realizar o Servicio Social onde lles ensinaban a coidar nenos e anciáns, e a coser, entre outras tarefas 'propias das mulleres' segundo a nova orde: "Cando Deus quixo sancionar o pecado orixinal, impuxo á muller un dobre castigo: o dolor na súa maternidade e a suxeición ao varón, que a dominaría" (J. María Pemán, 'De doce cualidades de la mujer', 1947).

Sección Femenina

"Xa o sabes: cando esteas casada, xamais te enfrontarás con el, nin opoñerás ao seu xenio o teu xenio, e a túa intransixencia a túa. Cando se enfade calarás; cando berre, baixarás a cabeza sen replicar; cando esixa, cederás, a non ser que a túa conciencia cristiá cho impida. Neste caso non cederás, pero tampouco te opoñerás directamente. Esquivarás o golpe, faraste a un lado e deixarás que pase o tempo"

Canónigo E. Enciso Viana, ¡Muchacha!, 1944 (editado ata 1968)

A moralidade nos costumes foi teimosamente vixiada polos fundamentalistas franquistas. No ensino prohibiuse a coeducación, controláronse os bailes ata o absurdo: "os bailes son feixe de demos, estrago da inocencia, solemnidade do inferno, tebra de valores, infamia de doncelas, alegría do demo e tristeza dos anxos" (cardenal Segura, 1946). Tamén se ditaron normas sobre os traxes de baño:

"Coa fin de evitar os espectáculos desagradables que adoitan darse nesta época nas praias e piscinas vulnerando as normas de moralidade cristiá que deben ser a base para a conduta pública e privada da nova España (...) para evitar abusos ou faltas de decoro cidadán (...) disponse observen as seguinte regras: 1ª Queda prohibido bañarse sen vestir a prenda axeitada, cabaleiros pantalón de deporte e damas traxe completo con saia; 2ª Queda prohibida a presenza de bañistas fóra da auga sen vestir albornoz; 3ª Prohíbese que nas praias e piscinas se organicen bailes en traxe de baño."

Dirección General de Seguridad, 1943

Sen embargo, permitiuse a prostitución legal en bordeis, a onde acudían os respectables cargos do réxime e os especuladores. Iso si, despois de asistir á misa coa súa familia.



Prostitución no Raval, Barcelona, 1958, Joam Colom

A sexualidade converteuse nun tema tabú. Prohibíase toda experiencia sexual fóra do matrimonio (agás a prostitución para os homes) ou con outra finalidade que non fose a reprodutiva. Os anticonceptivos eran ilegais. A homosexualidade era vista como unha tara a medio camiño entre o delito e a enfermidade.

Para os mozos, a mili obrigatoria, de máis dun ano de duración, era case que a única ocasión en que saían da súa localidade. As súas familias víanse privadas dos ingresos aportados polo quinto e ademais tiña que soster os seus gastos. Nos cuarteis a disciplina era arbitraria e as condicións de vida dependían dos enchufes.

— Cultura e censura. A prohibición das linguas autonómicas na escola e nos medios públicos foi total, tratándose con desprezo aos que a usaban coloquialmente.

Non se podía ler á maioría dos autores de prestixio, xa que eran republicanos. Nin tampouco moitas obras estranxeiras. Líanse folletíns amorosos tipo Corín Tellado, seriais radiofónico en papel. Tamén gozaron de popularidade as bandas deseñadas de Capitán Trueno ou El Coyote.

Sansón y Dalila, cartel

O cine foi obxecto de especial atención por parte da censura. O Departamento Nacional de Cinematografía fixou o modelo sobre o que debía basearse o cine español: "Queremos un cine que exalte os feitos e fazañas dos que combateron e deron a súa vida pola misión e a grandeza da súa patria cun espírito e unha actitude vital soamente hispana (...) Queremos un cine que exalte o cumprimento e o acatamento á disciplina e ao quefacer común na marcha militar do Estado".

Todas as películas, españolas e estranxeiras, eran sometidas a unha

censura que podía prohibilas, ou obrigalas a cortar escenas ou cambiar diálogos na dobraxe obrigatoria ao español. Así chegaron a converter o triángulo amoroso do filme Mogambo nun incesto ao cambiar os diálogos na dobraxe.

Muller con radio, Soutelo de Montes, anos cincuenta, Virxilio Viétez

O cine máis visto era de corte militarista, folclórico, relixioso ou historicista. E, aínda por riba, antes da película había que ver obrigatoriamente o NODO, noticiario oficial creado en 1942. Un formidable instrumento de propaganda do réxime.

Por suposto o teatro, a prensa e os libros tamén estaban sometidos á censura. Non había liberdade de expresión, sendo os periodistas "apóstolos do pensamento e da fe da nación". Os nus desapareceron dos libros de historia da arte e mesmo se chegou a suprimir a palabra 'braga' dos textos.

A radio foi o medio de comunicación máis importante ata a chegada da televisión nos sesenta. Os veciños compartían o 'Diario hablado' de Radio Nacional de España, co que estaban obrigados a conectar todas as emisoras. Os programas máis populares eran os seriais amorosos.

O fútbol xa xogaba un papel principal no ocio e gustos dos españois, sendo aproveitado polo réxime para distraer á poboación dos problemas cotiás e usado politicamente: "pan, fútbol y toros".

— Educación. Impúxose un novo modelo educativo baseado na tradición e na relixión. As disciplinas de relixión e historia sagrada volveron ser obrigatorias. As aulas estaban presididas polo crucifixo e as imaxes de Franco e José Antonio.

Os plans de estudo eran enciclopédicos, unha acumulación de contidos memorizados, nos que se exaltaba a relixión e os valores militares. Os mestres, de escasa preparación e captados pola súa vinculación ao réxime, usaban a violencia acotío.

Non había escolas de abondo e as taxas de absentismo e analfabetismo, sobre todo entre as mulleres, eran moi altas.

Dúas fotos da reportaxe *Spanish Village*, 1950, Eugene Smith